A presente lei establece unha regulación de mínimos sobre a tenza de animais potencialmente perigosos, respectando o disposto na normativa estatal na materia constituída fundamentalmente pola Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos e polo Real Decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a dita lei, e así mesmo, fixa tamén un contido mínimo sobre a protección e benestar dos animais silvestres mantidos en cativeiro, dadas as súas particulares características.

Por outra banda, coa redacción da nova lei cómpre proceder á adaptación da normativa autonómica na materia de autorización ao disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, a cal diseña un sistema que




elimina regulacións innecesarias, establece procedementos máis áxiles e minimiza as cargas administrativas, a fin de fomentar e impulsar o emprendemento e a iniciativa dos operadores económicos. Esa pretensión non pode, sen embargo, descoñecer as especificidades propias do relacionado co benestar animal e os animais de compañía na súa interacción coas persoas e o medio, especialmente atendendo á preservación do benestar dos propios animais, pero tamén a saúde e seguridade das persoas, o que fai preciso configurar un réxime propio descrito nesta lei respecto da existencia de autorización.

A lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia establece de xeito xenérico, nos seus artigos 10.2 e 14, os requisitos da autorización para algúns tipos de núcleos zoolóxicos e para os eventos nos que participen animais de compañía; diferindo ao seu desenvolvemento regulamentario a precisión detallada da súa regulación, sen prexuízo dos requisitos mínimos fixados na lei.

O reflexo legal en favor da autorización acollía unha interpretación conciliable coas previsións da directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que viuse afectada, primeiro pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso á actividades de servizos e o seu exercicio, e máis tarde pola Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, especialmente respecto do control administrativo, ao declarar a dita lei xenericamente o libre acceso e exercicio de todas as actividades económicas en todo o territorio nacional, coa única limitación do establecido nesa lei, o disposto na normativa da Unión Europea ou en tratados e convenios internacionais.

Sen prexuízo do anterior, o mantemento do réxime de autorización é unha garantía necesaria para a apertura de determinados establecementos ou a prestación de determinados servizos, fundamentada en razóns imperiosas de saúde pública, seguridade pública, protección do medio ambiente e interese xeral, que en suma constitúense nunha garantía para a cidadanía.

En definitiva, a existencia do réxime de autorización, sometido aos principios de necesidade e proporcionalidade, suficientemente motivados legalmente e especificando a súa concorrencia, atópase circunscrito a que esas razóns non podan salvagardarse mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa.






II

A Lei contempla tamén o correspondente réxime sancionador, no que se introducen novas infraccións administrativas en consonancia coa evolución da sensibilidade social nesta materia, recollida no propio texto normativo.

En canto a súa estrutura a lei contén 49 artigos, divididos nun Título Preliminar e 8 títulos, 4 disposicións adicionais, 4 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 2 disposicións derradeiras.

O Título Preliminar adícase ás disposicións xerais en relación co obxecto e ámbito de aplicación da lei, organización e competencias; o Título I establece as disposicións xerais que rexen para os animais de compañía, e nel regúlanse as obrigas dos posuidores/as e propietarios/as de animais, os establecementos de animais, os concursos, exposicións e espectáculos con animais, as medidas e controis sanitarios que cómpre adoptar respecto aos mesmos, a prohibición do seu abandono, así como a prohibición do sacrificio e a regulación da eutanasia, e por último, unha regulación mínima dos animais potencialmente perigosos; o Título II adícase especificamente aos animais domésticos incluíndo o relativo á recollida e acollemento dos animais perdidos, abandonados e vagabundos; o Título III regula as especialidades dos animais silvestres mantidos en cativeiro, entre as que se atopan as relativas ás especies exóticas invasoras e ás especies protexidas; o Título IV regula as asociacións de protección e defensa dos animais e o outorgamento da condición de entidades colaboradoras; o Título V refírese á creación do Comité Consultivo para a Protección Animal; o Título VI regula a divulgación, información, formación e educación no relativo á protección animal; o Título VII recolle a inspección, control e vixilancia nesta materia; e, finalmente, o Título VIII establece as infraccións e sancións en materia de protección animal, así como o procedemento sancionador.

Esta Lei foi obxecto de consulta e consenso coas principais asociacións protectoras de animais e ecoloxistas, coa Federación Galega de Municipios e Provincias, co Consello Galego de Colexios Veterinarios, foi posta en coñecemento dos membros do Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro






TÍTULO PRELIMINAR
Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

A presente lei ten por obxecto establecer as normas que garanten a protección e benestar, así como a posesión e tenza responsable, dos animais de compañía, incluíndo os silvestres mantidos en cativeiro con fins distintos dos produtivos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.





Artigo 2. *Exclusións e aplicación supletoria*

1. A presente lei non será de aplicación aos animais que sexan obxecto dunha regulación específica e, entre outros, aos:

- Animais de produción destinados ao seu aproveitamento, incluído o autoconsumo.
- Animais pertencentes á familia dos équidos.
- Animais empregados en calquera espectáculo taurino, incluídos os encerros.
- Animais silvestres no medio natural.
- Animais empregados para experimentación ou outros fins científicos.

2. Ás coleccións de animais dos parques ou reservas zoolóxicas e aos cans de asistencia, seralles de aplicación supletoria esta lei, nos aspectos non contemplados na súa normativa específica de regulación.






Artigo 3. *Fins*

A presente lei ten os seguintes fins:

1. Acadar o máximo nivel de protección e benestar dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei, consonte a súa condición de seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica.
2. Fomentar o coñecemento do mundo animal que contribúa a unha conduta máis responsable e cívica das persoas no respecto, defensa e preservación dos animais, así como na súa tenza, acorde coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas dos mesmos.
3. Compatibilizar o benestar dos animais co seu desfrute e mantemento polas persoas.
4. Harmonizar a tenza dos animais coa convivencia social pacífica e segura.






Artigo 4. Definicións

Para os efectos desta lei entenderase por:

1. Animais de compañía: os animais de calquera especie, dos incluídos no ámbito de aplicación desta lei, que teña no seu poder o ser humano, sempre que a súa tenza non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos. En todo caso, dentro desta definición inclúense, na súa totalidade, cans, gatos, furóns e os animais das coleccións zoolóxicas dos parques ou reservas zoolóxicas, con independencia do fin ao que sexan destinados ou o lugar no que habiten, ademais de todos aqueles exemplares de animais silvestres mantidos en cativeiro con fins distintos dos produtivos.
2. Animais domésticos: aqueles animais de compañía pertencentes a especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir en domesticidade no entorno do fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda de persoas con discapacidade recoñecida.
3. Animais silvestres mantidos en cativeiro: aqueles animais de compañía distintos dos animais domésticos.
4. Animais de produción: os animais de produción, reprodución, cebo ou sacrificio, incluídos os animais de peletaría ou de actividades cinexéticas, mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos ou produtos de orixe animal, incluído o autoconsumo, para calquera uso industrial ou calquera outro fin comercial ou lucrativo.
5. Animais potencialmente perigosos: considéranse animais potencialmente perigosos aqueles animais de compañía pertencentes tanto á fauna autóctona como alóctona que, con independencia da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, poidan causar a morte ou provocar lesións ás persoas ou a outros animais, ou producir danos de certa entidade ás cousas, excepto o suposto previsto no artigo 1.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.
6. Animais silvestres: o conxunto de especies, subespecies, poboación e individuos animais que viven e se reproducen de forma natural en estado silvestre, incluídos os que se encontran en invernada ou están de paso, con independencia do seu carácter autóctono ou alóctono, e da posibilidade do seu aproveitamento cinexético. Non se entenderán incluídos os animais das devanditas especies que teñan o carácter de domésticos, os criados con fins





produtivos ou de aproveitamento deles ou das súas producións ou cultivos, e os de experimentación ou investigación científica coa debida autorización.

7. Animais abandonados: os animais de compañía, incluíndo os vagabundos ou extraviados, cuxa persoa propietaria sexa descoñecida ou non sexa posible a súa localización; aquel animal que, con propietario/a coñecido/a, non é recuperado nos prazos legalmente establecidos tralo correspondente requirimento, de acordo co establecido no artigo 23. Terá igualmente o carácter de abandonado aquel animal que non sexa retirado polo seu propietario/a de calquera centro ou establecemento de animais, no prazo convenido, sen prexuízo do procedemento para a súa recollida de acordo co establecido no artigo 23.


8. Animais identificados: Os animais de compañía que tendo implantado o sistema de marcaxe legalmente establecido por un/unha veterinario/a habilitado/a, estean dados de alta no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía ou en calquera outro rexistro considerado oficial no territorio no que se estableza, ben sexa doutra comunidade autónoma, do Estado español ou doutro Estado.

9. Propietario/a: A persoa física ou xurídica responsable da custodia dun animal de compañía que figure inscrita como propietaria no rexistro de identificación correspondente. Naqueles supostos nos que non exista constancia desta inscrición, considérase propietario/a a quen poida demostrar a súa titularidade por calquera medio admitido en Dereito. As persoas menores e incapacitadas poderán ser propietarias de acordo coas regras xerais sobre capacidade establecidas no Código Civil.

10. Posuidor/a: A persoa física que, sen reunir a condición de propietario/a segundo o establecido na definición anterior, ostente e/ou estea encargado/a do coidado do animal de compañía.

11. Tenza responsable: conxunto de obrigas, condicións e compromisos que deben asumir os/as propietarios/as e posuidores/as para garantir e asegurar o benestar dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei e a súa calidade de vida, conforme ás súas necesidades etolóxicas e fisiolóxicas.

12. Asociacións de protección e defensa dos animais: aquelas asociacións constituídas legalmente e inscritas no rexistro oficial correspondente, sen fin de lucro, que teñen por obxecto fundamental a defensa e protección dos animais no medio en que vivan, e estean declaradas como asociacións de utilidade pública.





13. Eutanasia: a morte deliberada e provocada dun animal, sempre prescrita e efectuada por un profesional veterinario/a, coa finalidade de evitalle sufrimento grave e irremediable ou afección grave, ou ben, por razóns motivadas de sanidade animal, de saúde pública, de seguridade das persoas ou medioambientais.

14. Maltrato: calquera conduta que ocasione directa ou indirectamente ao animal dor, sufrimentos ou danos evitables, tanto físicos coma psíquicos, ou a morte, sexa por acción ou omisión dolosa ou negligente.

15. Establecemento de animais de compañía: calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espazos que non estean totalmente pechados ou cubertos, así como as instalacións móbiles onde se aloxen, manteñan, críen ou se preste servizos a estes animais.

16. Núcleo zoolóxico: conxunto formado polo establecemento ou recinto de animais de compañía, tanto de titularidade pública como privada, e a colección zoolóxica que alberga.

17. Colección zoolóxica: conxunto de animais de compañía que habitan nun núcleo zoolóxico, de xeito permanente ou temporal.

18. Canceira deportiva: núcleo zoolóxico dedicado ao fomento, cría e coidado de cans coa finalidade da práctica dalgunha modalidade deportiva, incluída a actividade cinexética, que albergue unha cantidade superior a 10 exemplares maiores de 3 meses de idade, ou 15 cans maiores de 3 meses de idade no caso de canceiras deportivas dedicadas á actividade cinexética.

19. Aves de presa en cativeiro: aquelas especies de aves e os seus híbridos pertencentes aos ordes falconiformes e estrixiformes, que se atopan en cativeiro.

20. Consellería competente en materia de protección animal: a consellería con competencias e funcións en materia de conservación da natureza, segundo o establecido no correspondente decreto de estrutura orgánica.

21. Consellería competente en materia de sanidade animal: a consellería con competencias e funcións en materia de protección e control da sanidade animal, segundo o establecido no correspondente decreto de estrutura orgánica.

22. Eventos con animais de compañía: calquera actividade que supoña a exhibición, realización de concursos, exposicións, certames, feiras ou atraccións públicas, de acordo co establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do



emprendemento e da competitividade económica de Galicia no relativo aos espectáculos públicos e actividades recreativas, recollidos baixo unha mesma autorización, que implique a participación de animais de compañía (excepto os parques zoolóxicos, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos)






CAPÍTULO II

Organización e competencias

Artigo 5. *Principio xeral*


Todas as administracións públicas de Galicia cooperarán no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei e na denuncia perante os órganos competentes de calquera actuación contraria ao disposto nela.





Artigo 6. Competencias das Administracións en materia de protección animal

1. Atribúese aos/as Alcaldes/as dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei no ámbito de cadanseu municipio.
2. No ámbito da Administración autonómica, a aplicación desta lei corresponde á consellería competente en materia de protección animal.





TÍTULO I


Disposicións relativas aos animais de compañía

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 7. *Obrigas dos/as propietarios/as e posuidores/as de animais de compañía*

1. A persoa propietaria ou posuidora dun animal é responsable da súa protección e benestar, debendo cumprir con todas as obrigas previstas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.
2. Os propietarios/as e os/as posuidores/as de animais teñen a obriga de garantir as seguintes necesidades básicas:
 - a) Subministrarlles alimentación, auga e os coidados que estean en consonancia coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas, axeitados para o seu normal desenvolvemento.
 - b) Proporcionarlles aloxamento suficiente, cómodo, seguro, a resguardo das inclemencias meteorolóxicas e mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, todo conforme á súa etoloxía e as súas características físicas.
 - c) Sometelos ás revisións veterinarias necesarias e prestarlles todos aqueles tratamentos veterinarios preventivos, paliativos ou curativos que sexan necesarios para garantir un bo estado sanitario ou que lles eviten sufrimento; sometelos a calquera tratamento preventivo que sexa declarado obrigatorio para o seu benestar ou para a protección da saúde pública ou a sanidade animal.
 - d) Proporcionarlle o necesario exercicio físico e descanso, de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.
 - e) Proporcionarlle un entorno libre de estrés, medo e sufrimento, así como a posibilidade de interacción necesaria para o seu normal desenvolvemento.
3. Os propietarios/as ou posuidores/as de animais teñen, ademais das anteriores, as seguintes obrigas:
 - a) Colaborar coas autoridades e os/as seus axentes, facilitarlles canta documentación e información lles fose requirida, así como o acceso ou entrada





aos lugares que sexa necesario, en orde ao cumprimento das previsións contidas nesta lei.

b) Adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados. No caso dos cans, deberán levalos provistos de correa e colar ou outros elementos de retención, agás os supostos establecidos nas actividades autorizadas nas que os animais precisan transitar en liberdade ou naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo o caso, baixo o control e responsabilidade dos seus propietarios/as ou dos/as seus posuidores/as, evitando danos ou molestias aos viandantes ou a outros animais.


Así mesmo deberase impedir o libre acceso ao lugar onde se aloxen os animais, ás persoas ou a outros animais.

O acceso dos animais no caso dos locais destinados a espectáculos públicos, deportivos e culturais, someterase ao disposto nas normas municipais de aplicación, co necesario respecto á restante normativa de aplicación.

c) Recoller os excrementos que os animais depositen nas vías e espazos públicos e privados de uso común.

d) Evitar a reprodución incontrolada dos animais.

e) Manter actualizados os datos comunicados aos rexistros obrigatorios previstos nesta lei.





Artigo 8. *Responsabilidade por danos*

1. En materia de responsabilidade por danos estarase ao disposto no artigo 1905 do Código Civil.
2. Será obrigatoria a contratación dun seguro de responsabilidade civil, nos supostos legal ou regulamentariamente previstos.





Artigo 9. *Prohibicións xenéricas*

Están prohibidas as seguintes condutas ou prácticas en relación aos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei:

- a) O maltrato aos animais, no sentido indicado no artigo 4.14.
- b) O abandono dos animais, no sentido indicado no artigo 4.7
- c) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinados a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, lles produzan dor, danos, sufrimentos, menoscabo ou estrés innecesarios, en especial, os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, salvo prescrición veterinaria. Neste sentido, prohibese o emprego de instrumentos ou métodos daniños de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas.
- d) Non proporcionar aos animais a auga e a alimentación suficiente e adecuada ás súas necesidades, agás por prescrición veterinaria.
- e) Manter os animais en condicións inadecuadas, desde o punto de vista hixiénico- sanitario ou ambiental ou desatender o coidado e atención necesarios, de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas segundo a raza e especie.
- f) Obrigar aos animais a desempeñar traballos ou actividades nos que o esforzo esixido supere a súa capacidade ou ben se poña en perigo a súa saúde. Non obstante, a prohibición de desempeñar traballos aplicarase en todo caso aos animais menores de 6 meses de idade.
- g) Empregar animais en atraccións feirais e outras asimilables, salvo autorización da autoridade competente.
- h) Practicar mutilacións aos animais, incluídas aquelas que teñan como finalidade o mantemento das características dun tipo racial ou estéticas. Exclúense, aquelas mutilacións necesarias por razóns médico-cirúrxicas, de esterilización, por esixencia funcional ou por supoñer un beneficio futuro para o animal as cales deberán ser, en todo caso, prescritas e realizadas por un/unha profesional veterinario/a.
- i) Regalar animais como recompensa ou premio en eventos ou atraccións públicas, de acordo co definido no artigo 4.22.
- j) A utilización de animais en pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leven consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento.



k) A entrada e permanencia de animais de compañía, en calquera local ou lugar destinado á preparación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos.

En todo caso, exceptúanse destas prohibicións os cans de asistencia e os pertencentes ás Forzas Armadas, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, autonómico e local, así como das empresas de seguridade legalmente habilitadas e os dos corpos de salvamento e rescate.

l) O emprego e tenza de animais de especies silvestres nos circos.

m) A filmación ou realización de escenas para cine, televisión ou calquera outro medio audiovisual, que recolla escenas de crueldade, maltrato, morte ou sufrimento de animais, salvo autorización da consellería competente en materia de protección animal, que verificará que a filmación ou realización destas escenas se efectúa baixo a supervisión dun/dunha profesional veterinario/a.

n) A utilización de calquera tipo de produtos ou substancias farmacolóxicas para modificar o comportamento natural dos animais que se utilizan para o traballo fotográfico, publicitario, de exposición ou exhibición.

o) Exercer a mendicidade ou calquera outra actividade ambulante utilizando animais como medio de publicidade ou reclamo destas actividades.

p) Alimentar aos animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas, sen contar coa correspondente autorización municipal.

q) Dar educación agresiva, estresante ou violenta aos animais, así como de instigación ou preparación para pelexas ou ataques, coa excepción dos adestradores de cans de empresas de seguridade legalmente habilitadas e de corpos e forzas de seguridade do Estado e as excepcións previstas no artigo 11 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Neste punto, prohíbese expresamente, implicar aos animais en pelexas, ataques ou agresións incluíndo a súa organización, así como incitalos, permitirlles ou non impedirilles atacar a unha persoa ou a calquera outro animal.





Artigo 10. Clasificación e rexistro dos núcleos zoolóxicos

1. Os núcleos zoolóxicos serán obxecto de autorización ou de comunicación previa ao inicio da súa actividade, de acordo co establecido nesta lei. A autorización ou presentación da comunicación de inicio da actividade, segundo os casos, suporá a inscrición de oficio do establecemento no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (REGANUZ), adscrito á consellería competente en materia de protección animal, de acordo co procedemento de autorización e comunicación previa que regulamentariamente se determine.

2. Por razóns de saúde pública, seguridade pública e protección do medio ambiente serán obxecto de autorización e inscrición no REGANUZ, os seguintes tipos de establecementos ou recintos de núcleos zoolóxicos: establecementos ou recintos de coleccións zoolóxicas particulares, centros de recuperación de fauna silvestre, centros de recollida de animais abandonados, centros de cría, establecementos de venda de animais, residencias de animais, centros de terapia a humanos con animais (excepto équidos), canceiras deportivas, centros de adestramento, centros de adopción de animais de compañía. Os centros de importación de animais de compañía e os parques zoolóxicos e reservas zoolóxicas, serán obxecto de inscrición no REGANUZ, tras a súa autorización de acordo co réxime autorizadorio específico contido na normativa correspondente de aplicación, en cada caso.

3. Serán obxecto de comunicación previa ao inicio da súa actividade os establecementos veterinarios e os centros dedicados á hixiene e coidado estético dos animais, para a súa inscrición no REGANUZ, de conformidade co disposto na normativa de unidade de mercado, na presente lei e demais normativa aplicable. Regulamentariamente poderán establecerse outros tipos de establecementos ou recintos obxecto de comunicación previa.

4. Os núcleos zoolóxicos deberán de cumprir, sen prexuízo dos que se establezan regulamentariamente, os seguintes requisitos mínimos e obrigas:

a) Dispoñer de boas condicións hixiénico sanitarias e ambientais, así como de espazos e locais adecuados ás condicións fisiolóxicas dos animais que alberguen;

b) Dispoñer de rexistros de entrada e saída de animais, segundo os casos, nas condicións e co contido que regulamentariamente se estableza. Como mínimo deberá recollese nestes rexistros: a data de entrada do animal; procedencia ou orixe; especie, raza e, no seu caso, identificación individual; incidencias sanitarias, data e causa da baixa e destino.



- c) Adoptar as medidas necesarias para evitar os contaxios entre os animais que alberguen e dispoñer das medidas para evitar que os animais poidan escapar.
- d) Os establecementos que fagan entrega de animais mediante venda, cesión ou adopción, deberán facelo coas debidas garantías sanitarias, libres de toda enfermidade, acreditándoo coa documentación que regulamentariamente se determine.
- e) Será obrigatorio o subministro ás consellerías competentes en materia de protección e sanidade animal de toda a información de carácter zoosanitario ou calquera outra relacionada co cumprimento desta lei e restante normativa vixente que lle sexa solicitada.





Artigo 11. *Transporte dos animais de compañía*

1. Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente na materia, o transporte dos animais de compañía efectuarase segundo as peculiaridades propias de cada especie, co espazo, dimensións e requisitos hixiénico-sanitarios axeitados, de acordo co que se determine regulamentariamente. Durante o seu transporte os animais deberán ser alimentados e abrevados segundo se estableza regulamentariamente. Así mesmo, empregaranse equipos axeitados na carga e descarga de animais que non produzan danos ou sufrimentos.
2. Non se poderán transportar animais feridos ou enfermos, excepto:
 - a) Que se trate de animais levemente feridos ou enfermos cuxo transporte non sexa causa de lesións ou sufrimentos innecesarios.
 - b) Que os animais sexan transportados co obxecto de sometelos á atención, diagnóstico e/ou tratamento veterinario. Na medida do posible, no caso de animais residentes en establecementos autorizados, a atención veterinaria intentarase aplicar no propio establecemento, en aras do seu benestar.
3. No transporte e permanencia en vehículos de particulares estacionados, o animal disporá de ventilación e temperaturas adecuadas, así como de espazo suficiente que lle permita levantarse, xirar e tumbarse.
4. Queda prohibido o transporte de animais de compañía nos maleteiros totalmente pechados e sen ventilación axeitada, así como levalos atados a vehículos de motor en marcha.





Artigo 12. *Identificación dos animais de compañía*

1. Para os efectos desta lei, a identificación dos animais da especie canina é obrigatoria sen excepción. O animal deberá ser identificado dentro dos seus tres primeiros meses de vida e, en todo caso, antes de ser obxecto de transmisión. Así mesmo serán obxecto de identificación obrigatoria todos os animais catalogados como potencialmente perigosos.

As persoas propietarias e criadoras de cans están obrigadas a proceder a súa identificación, no prazo establecido no parágrafo anterior. Sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 28, e nos demais supostos establecidos nesta lei a identificación do resto de animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei será voluntaria. Nestes casos, as condicións desa identificación fixaranse regulamentariamente.

No caso específico dos gatos e furóns que sexan obxecto de traslado a outros países, serán de aplicación as obrigas establecidas na normativa vixente que regula o desprazamento de animais de compañía.


2. A identificación comprende o sistema de marcaxe legalmente establecido, a expedición do correspondente documento de identificación ou pasaporte nos casos que corresponda, segundo o modelo normativamente regulado, así como a inscrición do animal no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC).

3. A inscrición no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía, sen prexuízo dos demais requisitos establecidos regulamentariamente, conterá o código identificador do animal, o número de pasaporte sanitario nos casos nos que este sexa preceptivo, a especie e raza, sexo, data do nacemento, enderezo habitual do animal, xunto cos datos identificativos do seu propietario/a.

No caso de inscrición obrigatoria, o cambio de titularidade dun animal de compañía será comunicado ao devandito Rexistro tanto polo cedente como polo adquirente da súa titularidade, no prazo máximo de dez días dende que se produza a efectiva entrega do mesmo.


Quedan exceptuados da obriga de inscrición no REGIAC, os cans que proveñan doutros territorios do Estado, e que permanezan transitoriamente en Galicia un período de tempo inferior a tres meses.

4. A identificación será requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transmisión do animal, cando aquela sexa obrigatoria segundo a especie, a título





oneroso ou gratuíto, e debe constar en calquera documento que faga referencia a este. Non se expedirán pasaportes sanitarios a cans sen facer constar a identificación do animal.






Artigo 13. Cría e venda de animais de compañía

1. A cría con fins comerciais de animais de compañía só poderá efectuarse en establecementos debidamente autorizados e inscritos como centros de cría no REGANUZ establecido no artigo 10. Estes centros deberán ter o seu número de inscrición nun lugar visible.
2. Queda prohibida a compra e venda ambulante de animais de compañía.
3. Igualmente queda prohibida a venda, cesión ou doazón de animais de compañía aos/ás menores de 16 anos ou incapacitados/as, agás que contén con autorización expresa daqueles que ostenten a súa patria potestade, tutela ou custodia e, de conformidade, no seu caso, coa sentenza de incapacitación. O incumprimento desta prohibición e da contida no punto 2 anterior, constituirá unha infracción administrativa nos termos previstos nesta lei.
4. Os centros de cría e establecementos de venda de animais non poderán efectuar vendas ou cesións de animais de compañía a laboratorios ou outros establecementos con destino a labores de experimentación, sen a correspondente autorización.
5. Os centros de cría e establecementos de venda radicados en Galicia que oferten a venda de animais por calquera medio de comunicación, revistas ou publicacións, anuncios na rúa ou en establecementos ou edificios públicos, redes sociais ou calquera outro medio a través de Internet, terán que incluír na súa publicidade ou anuncio o número de inscrición no REGANUZ.
6. Os centros de cría e establecementos de venda entregarán ao comprador/a do animal en papel ou en formato electrónico, toda a información precisa sobre a súa orixe, identificación no caso que sexa obrigatoria, características, tratamentos sanitarios aplicados ao animal no establecemento, coidados e manexo.
7. Os centros de cría e establecementos de venda entregarán os animais en bo estado de saúde, certificado por un profesional veterinario/a e identificados, no caso de que esta identificación sexa obrigatoria, segundo o establecido no artigo 12.
8. Os cachorros de cans e gatos non poderán separarse das súas nais antes das dez semanas de vida, coa fin de evitar problemas de saúde ou comportamento. Neste sentido deberán de tomarse as medidas necesarias para acadar a socialización dos cachorros con anterioridade a súa transmisión.



9. Os animais de compañía destinados á venda non se poderán exhibir en escaparates ou zonas expostas a vía pública, ou a modo de reclamo comercial.


10. Os establecementos de cría, venda ou importación de animais deberán contar con persoal suficiente e coa formación necesaria para o manexo e atención dos animais aloxados nestes, e que se determinará regulamentariamente.





Artigo 14. *Eventos con animais de compañía*

1. A celebración de eventos con animais de compañía, deberá ser obxecto de autorización previa á súa realización, outorgada pola consellería competente en materia de protección animal, cos requisitos e segundo o procedemento que regulamentariamente se establezan, sen prexuízo de calquera outra autorización que sexa preceptiva.
2. En todo caso, deberase dispor dun espazo axeitado no que poidan atenderse, aqueles animais que precisen asistencia veterinaria, e dun equipamento básico, co material imprescindible para estabilizar e trasladar ó animal a un centro veterinario axeitado cando se requira.
3. As solicitudes de autorización para a celebración dos eventos sinalados no apartado 1, serán presentadas polos/as organizadores/as cunha antelación mínima dun mes previa á celebración, e deberán acompañarse dunha memoria cos aspectos que se determinen regulamentariamente. O/A organizador/a deberá responsabilizarse de que todos os animais participantes cumpran cos requisitos que regulamentariamente se establezan para cada especie.





Artigo 15. Eutanasia

1. A eutanasia dos animais será prescrita e realizada por un facultativo veterinario/a, de forma rápida e indolora, aplicándoselle sedación cando o manexo do animal lle poida supoñer un estrés ou sufrimento adicional, e efectuada con métodos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha perda de consciencia inmediata.
2. Por vía regulamentaria determinaranse os métodos autorizados para a eutanasia animal.
3. As consellerías competentes en materia de protección e sanidade animal poderán establecer excepcións aos métodos de eutanasia en situacións de emerxencia e/ou perigosidade debidamente xustificadas. Cando sexa preciso o emprego de armas de fogo, e non exista outro método alternativo, estas deberán ser empregadas polas forzas ou corpos de seguridade ou por persoal expresamente autorizado polas ditas consellerías, previa valoración da situación e dos riscos que implica e actuando segundo a normativa específica aplicable.
4. Non se poderá dar morte aos animais acollidos nun centro de recollida ou fogar de acollida temporal, con independencia do tempo transcorrido dende a súa entrada.
5. Exceptúanse da prohibición establecida no punto anterior, os supostos de eutanasia do animal debidamente motivados por escrito por un profesional veterinario/a, co fin de evitalle un sufrimento grave e irremediable ou afección grave, ou ben, por razóns motivadas de sanidade ou benestar animal, de saúde pública, de seguridade das persoas ou medioambientais.





CAPÍTULO II

Animais potencialmente perigosos

Artigo 16. *Animais potencialmente perigosos*

1. Considéranse animais potencialmente perigosos aqueles animais de compañía pertencentes tanto á fauna autóctona como alóctona que, con independencia da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertenzan, poidan causar a morte ou provocar lesións ás persoas ou a outros animais, ou producir danos de certa entidade ás cousas, excepto o suposto previsto no artigo 1.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.


2. En todo caso, entenderase por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

a) Cans que polas súas características raciais puidesen ser aptos para o adestramento para a garda e defensa e en concreto os cans pertencentes ás seguintes razas: American Stafforshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Dobermann, Dogo Argentino, Dogo de Burdeos, Dogo del Tíbet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (Ca de Bou), Rottweiler, Bull Terrier, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu e as restantes razas que poidan determinarse na normativa estatal sobre animais potencialmente perigosos de obrigado cumprimento.

Tamén serán considerados potencialmente perigosos os cruces en primeira xeración destas razas ou cruces destas razas con outras.

b) Cans que foron adestrados para a garda e defensa.

c) Cans que tiveron algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas ou aqueles que manifesten un carácter marcadamente agresivo. Nestes casos, a potencial perigosidade deberá ser apreciada pola autoridade competente municipal, de oficio ou despois de notificación ou denuncia, atendendo a criterios obxectivos e previo informe dun profesional veterinario designado ao efecto.






Artigo 17. Licenza municipal e obriga de inscrición no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos

1. A tenza e custodia dos animais potencialmente perigosos requirirá a obtención previa da licenza administrativa outorgada polo concello correspondente nos termos previstos no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Para os efectos da expedición da licenza no caso de tenedores distintos ao propietario do animal, será válido o seguro de responsabilidade civil subscrito por este último. No caso de tenedores de varios animais potencialmente perigosos, será esixible unha única licenza, sempre e cando todos os animais contén co correspondente seguro de responsabilidade civil. A licenza terá un período de validez de cinco anos, podendo ser renovada por períodos sucesivos de igual duración.

2. Os animais potencialmente perigosos deberán inscribirse no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, no prazo de 15 días dende a obtención da licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos. No suposto previsto no apartado 1 do presente artigo, para o caso do segundo e posteriores animais, o dito prazo comezará a computarse desde a adquisición do animal.





Artigo 18. Responsabilidade e obrigas dos/as propietarios/as e posuidores/as de animais potencialmente perigosos


1.O/a propietario/a ou posuidor/a dun animal potencialmente perigoso que agreda a persoas ou a outros animais causándolles feridas de mordedura, será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dun/ha veterinario/a en exercicio libre da profesión, en dúas ocasións dentro dos 15 días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario/a responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de enfermidade infecto-contaxiosa, que comunicará ás autoridades competentes en sanidade animal no caso de sospeita.

2. Os cans potencialmente perigosos terán que circular, nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con correa non extensible de menos de dous metros de lonxitude, provistos da correspondente buceira homologada e axeitada para a súa raza.

3.Cando as circunstancias así o aconsellen poderán establecerse excepcións ao cumprimento de determinadas obrigas dos/as propietarios/as de animais potencialmente perigosos, no caso de:

- a) Organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha función social.
- b) Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de gando, así como actividades de carácter cinexético, sen que os mesmos poidan dedicarse en ningún caso ás actividades ilícitas contempladas na presente lei.
- c) Probas de traballo, deportivas co fin de seleccionar exemplares que participen nestas e que estean autorizadas e supervisadas pola autoridade autonómica competente.

Por vía regulamentaria habilitarase o procedemento para a aplicación destas excepcións.





Artigo 19. *Esterilización de animais potencialmente perigosos*

1. A esterilización dos animais potencialmente perigosos, ademais de poderse facer por vontade das persoas propietarias, realizarase obrigatoriamente por mandato ou resolución das autoridades administrativas ou xudiciais.
2. Os/as propietarios/as deste tipo de animais deberán comunicar ao REGIAC a súa castración ou esterilización, remitindo copia da certificación veterinaria acreditativa do devandito feito no prazo de tres días a contar desde que a esterilización ou castración se levara a cabo.
3. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento administrativo necesario para acordar a esterilización dun animal potencialmente perigoso polo órgano territorial de dirección da consellería competente en materia de protección animal, naqueles supostos de reiteradas agresións ás persoas ou danos a outros animais.





Artigo 20. *Instalacións*

As instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos deberán reunir os requisitos que se establezan regulamentariamente. En todo caso, deberán observarse as medidas de seguridade que eviten a fuxida destes animais ou o contacto con estes, respectando en todo caso a súa protección e benestar.





TÍTULO II

Animais domésticos

Artigo 21.Obrigas específicas dos/as posuidores/as e dos/as propietarios/as de animais domésticos

1. Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 7, corresponden aos posuidores/as ou propietarios/as de animais domésticos as seguintes obrigas específicas:

a) A esterilización dos cans de asistencia segundo a súa normativa específica, así como dos cans que se manteñan en polígonos industriais e obras.

b) Sen prexuízo das disposicións establecidas nas correspondentes ordenanzas municipais, prohíbese levar ceibos nas vías públicas, aos cans e demais animais domésticos, que deberán ir provistos de correa e colar ou outro elemento de retención, agás naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo caso, baixo o control e responsabilidade dos seus posuidores/as. Non obstante o anterior, nos carreiros e camiños no ámbito rural poderase levar solto o animal sempre que non se ocasione danos, molestas nin riscos ás persoas, outros animais e cousas.


c) Cando se produza un cadro de agresión por parte dun animal doméstico, facilitar os datos do animal e da persoa responsable do mesmo tanto á persoa agredida ou aos seus/súas representantes legais, como ás autoridades competentes, sen prexuízo da obriga de sometelo ao control veterinario previsto no artigo 18.1.

d) Comunicar ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC) o extravío ou a morte do animal doméstico, no caso de inscrición obrigatoria, no prazo máximo de 72 horas dende que se teña coñecemento de tales feitos.

2. A tenza de animais domésticos en recintos ou vivendas privadas queda condicionada ás necesidades etolóxicas de cada especie e raza, ao espazo, as circunstancias hixiénicas óptimas, e á adopción das axeitadas medidas de seguridade, sen prexuízo do disposto nas normas que constitúan o réxime interior das comunidades de veciños. A tenza ou posesión de máis de 5 animais, maiores de tres meses, pertencentes á especie canina ou felina, estará sometida á obriga de comunicación previa á consellería competente en materia de protección animal, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.




Non obstante, cando a xuízo das autoridades autonómicas competentes en materia de sanidade e benestar animal, a tenza destes animais poida comportar un risco sanitario ou se precisen condicións diferentes ás existentes para garantir o seu benestar e protección, deberá ser obxecto de autorización como establecemento de coleccións zoolóxicas particulares, de acordo co establecido no citado artigo 10.





Artigo 22. Recollida e acollemento dos animais domésticos abandonados

1. Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal, e os albergarán en centros de recollida de animais abandonados inscritos no REGANUZ ata que sexan retirados polos seus propietarios/as, sexan acollidos temporalmente ou adoptados ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei.
2. Os concellos poderán prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras Administracións Públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.
3. Os concellos poderán recoller e acoller animais a solicitude dos seus propietarios/as, previa xustificación por parte destes da imposibilidade da asunción das obrigas derivadas da presente lei.
4. Os requisitos mínimos para a prestación dos servizos de recollida e acollemento de animais abandonados estableceranse regulamentariamente; en todo caso, estes servizos levaranse a cabo por persoal coa formación necesaria para o manexo e atención dos animais aloxados, e contarán cos medios e instalacións adecuadas e coa asistencia veterinaria especializada precisa.
5. Os centros de recollida de animais abandonados comunicarán, cunha periodicidade anual, as datas de entrada e saída de cada animal, a identificación e o destino dos mesmos e as incidencias sanitarias significativas dos animais á consellería competente en materia de protección animal, segundo o procedemento que regulamentariamente se determine.





Artigo 23. *Abandono de animais domésticos*


1. Se o animal recollido se atopase identificado ou tivese propietario/a coñecido/a, o centro de recollida porá en coñecemento deste/a a entrada do animal nas súas instalacións, no prazo de 48 horas desde a súa recollida.

Se transcorridos dous días desde a comunicación ao propietario/a, este/a non procedera á retirada do animal, o centro notificaralle que dispón dun prazo máximo de tres días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da devandita notificación, para a recuperación do animal, previa satisfacción de todos os gastos, incluídos os veterinarios, derivados da súa recollida e estancia no centro, e coa exhibición da licenza correspondente no suposto de tratarse dun animal potencialmente perigoso.

2. Transcorrido o prazo máximo de tres días hábiles contados dende o día seguinte ao da notificación ou da publicación, no suposto de notificación infrutuosa, sen terse retirado o animal, este pasará a ter a consideración de animal abandonado, o que habilitará ao concello para darlle o destino que legalmente proceda. Neste suposto, o centro de recollida deberá dar traslado dos feitos á consellería competente en materia de protección animal para os efectos da apertura do correspondente expediente sancionador

3. Se o animal recollido non se atopase identificado e non tivese dono/a coñecido/a, pasará a ter a consideración de animal abandonado. Se transcorridos tres días hábiles dende a entrada no centro de recollida non é reclamado polo seu propietario/a, posuidor/a ou persoa autorizada, previa acreditación da propiedade ou posesión, o centro queda habilitado para darlle o destino que legalmente proceda.

4. Os animais recollidos deberán ser necesariamente identificados, de acordo co artigo 12 desta lei, para poder ser entregados aos seus propietarios/as, segundo as obrigas establecidas para cada especie, facéndose este cargo dos gastos derivados da dita actuación.





Artigo 24. *Adopción dos animais domésticos abandonados*

1. O destino prioritario dos animais domésticos abandonados será a súa adopción. As Administracións Públicas implicadas e os centros de recollida porán en marcha medidas destinadas ao fomento da adopción responsable destes animais.

2. Sen prexuízo dos que se establezan regulamentariamente, deberánse cumprir os seguintes requisitos para a adopción:


a) Que o animal doméstico a adoptar teña a condición de abandonado, segundo os prazos e condicións establecidos no artigo 23.

b) Que o animal doméstico proveña dun centro de recollida autorizado.

c) Que o animal doméstico sexa declarado apto para a adopción polo veterinario/a responsable do centro de recollida no que se encontre. Os animais deben ser entregados en adopción identificados, vacinados, desparasitados e esterilizados segundo prescrición do veterinario responsable, co fin de garantir o seu correcto estado hixiénico-sanitario.

d) A adopción deberá ser gratuíta, sen prexuízo de que o propio centro de recollida poida repercutir sobre o adoptante os custos derivados dos tratamentos subministrados, da identificación e da esterilización, segundo proceda.

3. As persoas físicas que adopten animais de compañía segundo o establecido neste artigo, quedarán sometidas ás obrigas previstas para os propietarios/as e posuidores/as de animais establecidas nesta lei.





Artigo 25. Acollemento temporal de animais domésticos


1. Cando non sexa posible a adopción ou cando concorran circunstancias que o aconsellen, o centro de recollida poderá entregar o animal abandonado, en réxime de acollemento temporal, a persoas físicas que poidan garantir o coidado, atención e condicións hixiénico sanitarias que precise. En calquera caso, será necesario o cumprimento do establecido no artigo 24.2.c) e o acollemento estará condicionado á devolución inmediata do animal se aparece un adoptante.
2. A persoa física que acolla temporalmente a un animal neste réxime estará obrigada a comunicar ao centro que llo entrega, calquera incidencia respecto do mesmo.
3. Os domicilios nos que se acollan temporalmente animais de compañía terán a consideración de fogares de acollida. En todo caso, non se poderán acoller nun mesmo fogar de acollida a máis de cinco animais domésticos.
4. As persoas físicas que acollan temporalmente animais domésticos quedarán sometidas ás obrigas previstas nos artigos 7 e 21. As obrigas específicas dos/as propietarios/as incluídas no artigo 8, corresponderán ao centro que entrega o animal en acollemento temporal.
5. Os concellos e os centros de recollida autorizados manterán unha relación actualizada destes fogares de acollida.





Artigo 26. Colonias felinas

1. Os concellos poderán establecer, conforme ás condicións e requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario/a que vivan na rúa, sempre que as condicións da contorna o permitan coa fin da súa protección e control poboacional.
2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, a quen compete a vixilancia e control sanitario destas poboacións.






TÍTULO III

Animais silvestres mantidos en cativeiro

Artigo 27. Normas xerais.


1. O propietario/a ou posuidor/a dun animal silvestre mantido en cativeiro é responsable da súa protección e benestar nos termos previstos nesta lei.
2. Para o mantemento en cativeiro de animais silvestres deberase acreditar a súa orixe legal, de acordo co estipulado na normativa sanitaria, de comercio e conservación da natureza e demais normativa que resulte de aplicación, segundo os casos.
3. Sen prexuízo do indicado nos apartados 1 e 2, para a tenza en cativeiro de exemplares de animais silvestres pertencentes a especies autóctonas, incluídas as declaradas como especies cinxéticas, será preceptiva a autorización expresa da consellería competente en materia de protección animal. Será obrigatoria así mesmo a identificación individual mediante microchip ou anela identificativa destes animais, segundo o procedemento que se estableza regulamentariamente.
4. No caso de tenza de exemplares de animais silvestres pertencentes a especies declaradas como exóticas invasoras, serán aplicables os requisitos establecidos na súa normativa reguladora específica.
5. Os preceptos recollidos nos artigos 22, 23 e 24 serán de aplicación a todos os exemplares de especies silvestres mantidos en cativeiro excepto aqueles pertencentes a especies que contén con normativa específica de aplicación na que se recollen as autoridades competentes responsables da súa protección e custodia. En especial, exceptúanse os exemplares de especies silvestres acollidas nun réxime de protección especial, as especies cinxéticas e as especies declaradas como exóticas invasoras.





Artigo 28. *Aves de presa en catividade*

1. A tenza de aves de presa en catividade requirirá, sen prexuízo das normas nacionais e internacionais que lle sexan aplicables, obter previamente a autorización administrativa outorgada pola consellería competente en materia de protección animal, cos requisitos e segundo o procedemento que regulamentariamente se estableza.
2. Todos aqueles exemplares de aves de presa que dispoñan da autorización mencionada no apartado anterior deberán estar identificados individualmente con microchip ou anela, sen prexuízo de calquera outro sistema de marcaxe que se poida establecer regulamentariamente, e inscribirse na sección correspondente do REGIAC.
3. A cría en catividade de aves de presa só se poderá levar a cabo en establecementos de cría de animais autorizadas conforme ao establecido no artigo 10 desta lei.






TÍTULO IV

Asociacións de protección e defensa dos animais

Artigo 29. Normas xerais

1. As asociacións de protección e defensa dos animais inscribíranse de maneira obrigatoria no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de compañía, conforme ao procedemento regulamentariamente establecido.
2. Así mesmo, estas asociacións están obrigadas a comunicar as modificacións producidas nos seus órganos de goberno, estatutos, datos de contacto ou calquera outro dato obrante na inscrición rexistral, e a súa baixa como asociación, de ser o caso.
3. As asociacións de protección e defensa dos animais teñen a obriga de denunciar os feitos constitutivos de infracción administrativa segundo o previsto nesta lei, ante as autoridades públicas competentes.






Artigo 30. Entidades colaboradoras

1. As asociacións de protección e defensa dos animais inscritas no rexistro previsto no artigo 29.1 poderán ser declaradas entidades colaboradoras da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, conforme ao procedemento que se determine regulamentariamente, cando cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Domicilio no territorio da Comunidade Autónoma.
 - b) Que o seu ámbito de actuación sexa a Comunidade Autónoma de Galicia.
 - c) Que participen activamente en programas en materia de protección animal.
 - d) Que participen activamente en programas dirixidos a potenciar a adopción nos centros de recollida de animais abandonados autorizados pola autoridade competente.
2. A consellería competente en materia de protección animal poderá establecer convenios coas entidades colaboradoras para o desenvolvemento de actuacións en relación coa protección e defensa dos animais, e de xeito particular para o desenvolvemento de campañas de concienciación para a identificación, adopción e esterilización de animais de compañía, así como promoción de campañas de divulgación e educación no coñecemento, protección e defensa animal para a sensibilización da cidadanía.





TÍTULO V

Comité Consultivo para a protección animal

Artigo 31. *Comité Consultivo para a Protección Animal*

1. Créase o Comité Consultivo para a Protección Animal como órgano de consulta e asesoramento, adscrito á consellería competente en materia de protección animal, cuxo obxectivo será o estudo e proposta das principais accións na loita fronte o maltrato e abandono dos animais de compañía.

2. O Comité Consultivo para a Protección Animal levará a cabo as seguintes funcións, sen prexuízo das que se lle poidan encomendar regulamentariamente:

a) Emisión de informes e ditames, así como a realización dos estudos que lle solicite a consellería competente en materia de protección animal.

b) Promover estudos de planificación e coordinación nesta materia.

3. A súa composición e funcionamento determinarase por vía regulamentaria. Na súa composición deberá garantirse a presenza de representantes das consellerías con competencias en materia de sanidade animal, saúde pública e accesibilidade, da Federación Galega de Municipios e Provincias, das asociacións de protección e defensa dos animais inscritas no rexistro regulado no artigo 29, o Consello Galego de Colexios Veterinarios así como das entidades de carácter medioambiental inscritas no rexistro previsto no Decreto 226/2007, de 22 de novembro, polo que se crea o Rexistro de entidades de carácter medioambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.





TÍTULO VI

Divulgación, educación e formación en materia de protección animal


Artigo 32. *Divulgación, educación e formación*

1. A Administración autonómica está obrigada á divulgación dos contidos desta lei. A tal efecto, promoverá especialmente campañas de promoción sobre a tenza responsable, campañas divulgativas sobre a obriga de identificación animal e a adopción de medidas para evitar a reprodución incontrolada e o abandono dos animais domésticos, así como campañas de fomento das adopcións nos centros de recollida autorizados.

2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma divulgará o contido desta lei entre os/as escolares e a cidadanía e velará pola inclusión de contidos relacionados coa protección animal nos programas educativos que se desenvolvan no seu ámbito territorial.

Así mesmo, promoverá a realización de campañas de formación destinadas ás persoas propietarias e posuidoras de animais, co fin de garantir unha tenza acorde coas súas necesidades etolóxicas e fisiolóxicas e obter unha óptima inserción e convivencia dos animais no medio.


3. As asociacións de protección e defensa dos animais, especialmente as declaradas entidades colaboradoras, cooperarán coas Administracións Públicas de Galicia na observancia e difusión do establecido na presente lei.





Artigo 33. *Asesoramento e colaboración coa Administración local*

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma prestará asesoramento e colaboración técnica para a axeitada execución polas Administracións Locais das actuación de divulgación e formación en materia de protección dos animais.






TÍTULO VII

Inspección, control e vixilancia

Artigo 34. Disposicións xerais


1. A inspección, control e vixilancia superior do cumprimento do establecido na presente lei, así como das súas normas de desenvolvemento, corresponde á Administración Xeral da Comunidade Autónoma, a través da consellería competente en materia de protección animal, sen prexuízo das competencias específicas en materia de sanidade animal atribuídas á consellería correspondente e ás atribuíbles aos concellos dentro do seu ámbito territorial.
2. Os concellos están obrigados a realizar os labores necesarios de inspección, control e vixilancia do cumprimento do disposto na presente lei dentro do seu ámbito territorial e segundo a súa normativa reguladora.
3. O servizo de inscrición no rexistro, vixilancia e inspección poderá ser obxecto dunha taxa fiscal.
4. Os servizos veterinarios oficiais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma serán competentes na comprobación do cumprimento dos requisitos en materia de sanidade e protección animal, saúde pública e medio ambiente establecidos na presente lei e demais normativa aplicable nestas materias.





Artigo 35. *Inspeccións*

1. O persoal funcionario debidamente acreditado para realizar funcións inspectoras pola consellería competente en materia de protección animal ten carácter de axente de autoridade. As actas que formalice este persoal funcionario, nas que, observándose os requisitos legais correspondentes, se recollan feitos constatados por eles, farán proba destes, salvo que se acredite o contrario. Da devandita acta asinada polo axente da autoridade, entregárase copia á parte interesada.
2. O persoal indicado no punto anterior está facultado para realizar no curso da inspección, exames, controis, toma de mostras e recollida de información, así como para acceder aos lugares, espazos e instalacións onde se encontren os animais ou se desenvolvan as actividades mencionadas na presente lei, previa identificación e sen necesidade de aviso previo.
3. Para os efectos da realización das inspeccións que se mencionan no apartado anterior, facilitaráselles aos inspectores provistos da correspondente credencial, o acceso a todos os establecementos e dependencias relacionadas coas actividades reguladas na presente lei, así como a información e axudas precisas para o desempeño das súas funcións.
4. No caso de que fose necesario a entrada aos domicilios e restantes lugares cuxo acceso requira o consentimento da persoa titular, deberase obter este ou, no seu defecto, a oportuna autorización xudicial.





TÍTULO VIII


Potestade sancionadora

CAPÍTULO I

Infraccións administrativas

Artigo 36. Réxime sancionador

1. Constitúen infracción administrativa as accións e omisións tipificadas na presente lei, que serán sancionadas de acordo co disposto no presente título.
2. De conformidade co artigo 27.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou graduacións ao cadro de infraccións ou sancións establecidas na presente lei que, sen constituír novas infraccións ou sancións, nin alterar a natureza ou os límites das que esta lei contempla, contribúan á máis correcta identificación das condutas ou a máis precisa determinación das sancións correspondentes.
3. O anterior enténdese sen prexuízo da competencia sancionadora local dentro dos límites impostos polo necesario respecto ao principio de legalidade.
4. Non se sancionarán os feitos que xa fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos nos que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.
5. As infraccións á presente lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.





Artigo 37. Responsabilidade administrativa

1. Serán responsables das infraccións tipificadas na presente lei as persoas físicas e xurídicas que, por acción ou omisión, realicen as actuacións tipificadas como infracción administrativa na mesma, a título de dolo ou culpa.
2. Cando o cumprimento das obrigas a que se refire esta lei corresponda a varias persoas conxuntamente, así como cando non sexa posible determinar o grao de participación das distintas persoas físicas ou xurídicas que interviran na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible individualizarse na resolución en función do grao de participación de cada responsable.
3. Das sancións pecuniarias impostas a persoas xurídicas, serán responsables subsidiariamente os/as administradores/as que non realizasen os actos necesarios que foran da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, consentiran o incumprimento por quenes deles dependen ou adoptasen acordos que fixesen posible a comisión de tales infraccións. Así mesmo, serán responsables subsidiarios das sancións impostas ás persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades aquelas persoas que ocuparan cargos de administrador no momento de cometerse a infracción.
4. A responsabilidade administrativa será esixible sen prexuízo da que puidese corresponder no ámbito civil ou penal.
5. No caso de celebración de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade prohibida, serán responsables da comisión da infracción administrativa as persoas organizadoras, as persoas que cederan por calquera título terreos, locais ou animais para a celebración do espectáculo, así como as persoas participantes nel.






Artigo 38. *Infraccións leves*


Teñen a consideración de infraccións administrativas leves as seguintes:

- a) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de dezaseis anos ou persoas incapacitadas, sen autorización de quen ostente a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- b) O regalo de animais de compañía como recompensa ou premio, en eventos ou atraccións públicas.
- c) A exhibición dos animais de compañía destinados á venda en escaparates ou zonas expostas á vía pública ou a modo de reclamo comercial.
- d) Non manter aos animais en condicións hixiénico-sanitarias axeitadas e/ou non someter aos animais aos recoñecementos veterinarios precisos.
- e) Manter os animais en instalacións que non reúnan os requisitos previstos no artigo 9.e).
- f) Non facilitar aos animais a alimentación e bebida suficiente e axeitada ás súas necesidades, excepto por prescrición veterinaria, agás que o prexuízo para o animal sexa grave ou moi grave. De producirse un prexuízo para ao animal grave ou moi grave, esta conduta cualificarase como un suposto de maltrato tipificado nos artigos 39.a) ou 40.a) segundo as consecuencias que delo se deriven.
- g) Exercer a venda de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados.
- h) Empregar animais para desempeñar traballos contravindo o establecido no artigo 9.f), utilízalos como reclamo na mendicidade ou en calquera outra actividade ambulante, ou o seu uso en atraccións feirais e outros asimilables, salvo autorización da autoridade competente.
- i) O transporte dos animais en condicións inaxeitadas ou en maleteiros que non estean especialmente adaptados, incumprindo as obrigas previstas no artigo 11 desta lei, sempre que os animais non sufran danos. De producirse danos no animal, esta infracción cualificarase como infracción grave tipificada no artigo 39.k).
- j) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.





- k) Alimentar aos animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas, sen contar coa correspondente autorización municipal.
- l) Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal poida acceder libremente ás vías ou espazos públicos ou privados, así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas ou cousas, e así mesmo non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.
- m) Manter no mesmo recinto ou en vivenda privada máis de cinco animais domésticos maiores de tres meses, pertencentes á especie canina ou felina, sen a comunicación previa establecida no punto 2 do artigo 21.
- n) Non manter actualizados os datos comunicados aos rexistros obrigatorios previstos nesta lei.
- ñ) Non contar coa formación necesaria para o manexo e atención dos animais aloxados nos centros de cría, venda e importación de animais.
- o) Calquera outra actuación que supoña un incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou vulneración das prohibicións previstas nela e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave






Artigo 39. *Infraccións graves*


Teñen a consideración de infraccións administrativas graves as seguintes:

- a) O maltrato aos animais que lles cause dor, sufrimento, lesións ou danos non invalidantes nin irreversibles.
- b) Non proporcionar aos animais os tratamentos necesarios para evitar o seu sufrimento.
- c) A non identificación dos animais, cando esta sexa obrigatoria conforme ao previsto nesta lei.
- d) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, lles produza, dor, danos, sufrimento, menoscabo ou estrés innecesario, en especial os que lle impidan manter a cabeza na posición natural, salvo prescrición veterinaria e o emprego de instrumentos ou métodos daniños de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas.
- e) Levar animais atados a vehículos a motor en marcha.
- f) Non adoptar as medidas necesarias para evitar a reprodución incontrolada dos animais, conforme co previsto no artigo 21 desta lei.
- g) A mutilación dos animais sen prescrición e control veterinario, coa excepción do suposto previsto no artigo 40.e).
- h) O abandono dos animais de compañía, nos termos previstos no artigo 4.7 desta lei.
- i) A venda reiterada de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados. Enténdese por venda reiterada o feito de ter sido denunciado pola comisión desta infracción ata en dúas ocasións no prazo de un ano.
- j) A venda de animais silvestres mantidos en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.
- k) O incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 10, para os establecementos ; 14 para os eventos con animais de compañía, excepto o establecido como infracción moi grave no artigo 40.c) seguinte e o transporte inaxeitado de animais de compañía incumprindo as obrigas previstas no artigo 11 desta lei sempre que os animais sufran danos.





- l) A utilización dos animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.
- ll) A venda de animais enfermos ou con taras, coñecidos polo vendedor, agás o disposto no artigo 40.d) .
- m) A cría con fin comercial ou a comercialización de animais sen cumprir cos requisitos previstos no artigo 13 desta lei.
- n) A recollida de animais vagabundos ou extraviados sen a correspondente autorización.
- ñ) A cesión en adopción de animais abandonados, sen cumprir os requisitos establecidos nesta lei.
- o) O incumprimento polos Concellos das súas obrigas en materia de recollida dos animais abandonados, nos termos previstos no artigo 22 desta lei.
- p) Ser titular dun establecemento dos previstos no artigo 10 sen posuír as autorizacións administrativas previstas no mesmo.
- q) Non ter subscrito o seguro de responsabilidade civil no suposto previsto no artigo 17 desta lei.
- r) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes, ou os seus axentes, en orden ao cumprimento das funcións establecidas nesta lei, así como a subministración intencionada de información inexacta ou de documentación falsa.
- s) A comisión dunha infracción administrativa leve cando no prazo dun ano o suxeito teña sido sancionado por unha ou mais infraccións leves e a resolución ou resolucións sancionadoras resultasen firmes na vía administrativa.






Artigo 40. *Infraccións moi graves*


Teñen a consideración de infraccións moi graves as seguintes:

- a) O maltrato aos animais que lles cause a morte ou lles provoque lesións ou danos invalidantes ou irreversibles.
- b) A manipulación da identificación dos animais de compañía en todos os supostos.
- c) A organización e celebración de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leve consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento.
- d) A venda de animais con enfermidade infecto-contaxiosa coñecida polo/a vendedor/a.
- e) A esterilización e intervención cirúrxica de animais non efectuadas por un profesional veterinario/a.
- f) A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a saúde dos animais de compañía, agás prescrición veterinaria.
- g) A contravención da orde de inmovilización dos animais acordada polas autoridades competentes.
- h) A obstaculización do cumprimento das medidas provisionais.
- i) Educar aos animais de forma agresiva, estresante ou violenta, así como instigalos ou preparalos para pelexas ou ataques nos termos sinalados no artigo 9.q) desta lei.
- j) Non tomar as medidas necesarias para evitar que os animais causen danos á saúde pública ou animal ou á seguridade pública.
- k) Disparar intencionadamente aos animais, agás nos supostos contemplados no artigo 15
- l) A práctica da eutanasia dos animais vulnerando o disposto no artigo 15 desta lei.
- ll) O emprego e tenza de animais de especies silvestres nos circos.
- m) A comisión dunha infracción administrativa grave cando no prazo de un ano, o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión dunha ou varias infraccións





graves e a resolución ou resolucións sancionadoras fosen firmes na vía administrativa.





CAPÍTULO II

Sancións

Artigo 41. *Sancións pecuniarias*


1. As infraccións administrativas tipificadas no capítulo anterior serán obxecto das seguintes sancións:

- a) As infraccións leves, apercibimento ou sanción económica de 100 a 500 euros.
- b) As graves, con multas de 501 a 5.000 euros.
- c) As moi graves, con multas de 5.001 a 30.000 euros.

2. Cando, como consecuencia da comisión da infracción, a persoa infractora obteña un beneficio cuantificable, poderá superarse o límite superior das multas previstas no número anterior ata acadar a contía do beneficio obtido.

3. Os ingresos procedentes das sancións impostas polos órganos competentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pola comisión das infraccións tipificadas na presente lei deberán destinarse a actuacións que teñen por obxecto o fomento da protección dos animais.

4. A corrección da situación creada pola comisión dunha infracción grave ou moi grave efectuada en calquera momento anterior á finalización do procedemento administrativo sancionador determinará a aplicación da sanción en grado medio da escala correspondente ás infraccións de gravidade inmediatamente inferior.






Artigo 42. Sancións accesorias

O órgano competente para resolver poderá impoñer, ademais das multas indicadas no artigo anterior, as sancións accesorias seguintes:

1. O comiso dos animais, no caso da comisión de infraccións graves e moi graves.
2. O peche dos establecementos previstos no artigo 10 nesta lei para a realización da mesma actividade no exercicio da cal se cometeu a infracción que se sanciona. Este peche terá un período de duración de entre un a cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos ou o peche definitivo para as infraccións moi graves.
3. A prohibición temporal do exercicio dalgunha das actividades reguladas por esta Lei no exercicio da cal se cometeu a infracción, por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco a dez anos ou a prohibición definitiva, para as infraccións moi graves.
4. Prohibición para a tenza de animais de compañía por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos para as moi graves.
5. Perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas en materia de protección animal por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos, ou definitivamente, para as infraccións moi graves.
6. Retirada do recoñecemento de entidade colaboradora, pola comisión de infraccións graves ou moi graves.
7. A baixa nos rexistros previstos no articulado desta lei.
8. A revogación ou retirada das licenzas, acreditacións ou autorizacións outorgadas ao abeiro desta lei, pola comisión de infraccións graves ou moi graves.





Artigo 43. Graduación das sancións

1. A imposición das sancións previstas na presente lei graduarase de conformidade co previsto no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, tendo en conta ademais os seguintes criterios:

a) A transcendencia social ou sanitaria e a natureza do prexuízo causado pola infracción.

b) O ánimo de lucro e contía do beneficio económico obtido na comisión da infracción.

c) O ensañamento ou grao de crueldade na comisión da infracción.

d) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así teña sido declarado por resolución firme na vía administrativa. Se concorre a reincidencia, a sanción pecuniaria a impoñer incrementarase nun 50% da contía máxima prevista da escala correspondente ao tipo infractor.

e) A intencionalidade.

f) A realización de actos para ocultar o seu descubrimento.


g) A agrupación e organización para a comisión da infracción.

h) O número de animais afectados.

2. As infraccións administrativas cometidas por persoas que, polo seu cargo ou función, están obrigadas a facer cumprir aos demais os preceptos desta lei serán sancionadas, sen prexuízo das demais responsabilidades que poidan concorrer, con multa da contía máxima da escala do artigo 41.1 correspondente ao tipo de infracción de que se trate.

3. No suposto de que uns mesmos feitos sexan constitutivos de dous ou máis infraccións administrativas das previstas nesta lei, imponse a sanción correspondente á infracción de maior gravidade, que se graduará atendendo á cualificación e ao número de infraccións concurrentes.

4. As sancións que se impoñan aos distintos responsables dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.





CAPÍTULO III

Medidas provisionais

Artigo 44. Medidas provisionais

1. Previamente á incoación dun procedemento administrativo sancionador ou ben durante a súa tramitación, o órgano competente poderá acordar motivadamente as medidas provisionais que estime necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, de conformidade coa normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As medidas provisionais poderán consistir en:

a) O comiso ou retirada dos animais obxecto de protección, sempre que existan indicios de infracción das disposicións da presente lei que así o aconsellen.

b) A clausura ou peche de establecementos e instalacións, así como a suspensión ou paralización de actividades que non contén coas preceptivas autorizacións ou rexistros, ata que non sexan subsanados os defectos observados ou se cumpran os requisitos esixidos polas razóns de protección e benestar animal.

c) A revogación de licenzas e autorizacións.

d) A confiscación dos elementos e efectos empregados para a comisión da presunta infracción.

3. As medidas provisionais adoptaranse tendo en conta o principio de proporcionalidade e os obxectivos que se pretenden garantir coa súa adopción.


4. As medidas adoptadas con anterioridade ao inicio do procedemento deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de inicio do procedemento sancionador, que se ditará dentro dos quince días seguintes á adopción das medidas provisionais. Estas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no devandito prazo ou se o acordo de iniciación non contén un pronunciamento expreso sobre as mesmas.

5. As medidas provisionais manteranse mentres persistan as causas que motivaron a súa adopción. En todo caso, extinguíranse cando surta efectos a resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

6. Se o depósito prolongado dos animais procedentes de retiradas cautelares puidese ser perigoso para a súa supervivencia ou comportarlles sufrimentos innecesarios, a consellería ou Concello competente poderá decidir sobre o




destino do animal antes da resolución do correspondente procedemento sancionador.





Artigo 45. Reposición da situación alterada e reparación dos gastos, danos e perdas.

As sancións que se poidan impoñer ao infractor son compatibles coa esixencia de reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados que se determine na resolución sancionadora. Neste sentido, a persoa infractora deberá aboar a totalidade dos gastos derivados da comisión da infracción e, en especial, os xerados pola recollida, mantemento e tratamentos sanitarios dos animais.






CAPÍTULO IV

Procedemento sancionador

Artigo 46. Competencia sancionadora

1. O procedemento sancionador previsto na presente lei tramitarase de conformidade coa lexislación de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
2. Corresponde aos Concellos a incoación e tramitación dos procedementos incoados pola comisión de infraccións tipificadas como leves nas letras c), h), j) e k) do artigo 38 desta lei.
3. Correspóndelle á consellería competente en materia de protección animal a incoación e tramitación dos expedientes sancionadores no caso das restantes infraccións cualificadas como leves e polas infraccións cualificadas como graves e moi graves, así como a incoación, tramitación e resolución dos expedientes sancionadores nos que o presunto infractor sexa un Concello, con independencia da cualificación da infracción. A incoación e instrución destes expedientes sancionadores correspóndelle ás xefaturas territoriais previstas no artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, da consellería competente en materia de protección animal.
4. A resolución do procedemento sancionador corresponderá:
 - a) Ao/a Alcalde/sa do Concello, nos procedementos incoados pola comisión de infraccións leves tipificadas nas letras c), h), j) e k) do artigo 38 desta lei e aos titulares das xefaturas territoriais previstas no artigo 35 da lei 16/2010, do 17 de decembro, da consellería competente en materia de protección animal nos demais supostos de infraccións leves, salvo as previstas na letra b) seguinte.
 - b) Á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de protección animal, nos procedementos incoados pola comisión de infraccións administrativas cualificadas como graves; así como para todas as infraccións leves e graves cometidas polos Concellos.
 - c) Ao/a Conselleiro/a competente en materia de protección animal, nos procedementos incoados pola comisión de infraccións cualificadas como moi graves.






Artigo 47. *Prescripción das infraccións e sancións*

1. As infraccións administrativas leves prescribirán no prazo dun ano, as infraccións graves no prazo de dous anos e as moi graves no prazo de tres anos. O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día no que a infracción se tivese cometido. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que rematase a conduta infractora.

2. As sancións administrativas impostas por infraccións leves prescribirán aos dous anos, por infraccións graves aos tres anos e por infraccións moi graves aos catro anos, contados dende o día seguinte a aquél en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou teña transcorrido o prazo para recurrila. No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescripción da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.





Artigo 48. Caducidade do procedemento sancionador


1. Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta lei, deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo dun ano, contado a partir do momento en que se acordou a súa iniciación.
2. A falta de notificación da resolución ao interesado no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos nos que o procedemento se paralizase por causas imputables aos interesados ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.
3. Iniciado un procedemento sancionador, se os feitos puidesen ser presuntamente constitutivos de delito ou falta, porase en coñecemento do Ministerio Fiscal, con remisión do actuado. En aplicación do principio de “non bis in idem”, a instrución de causa penal ante os tribunais de xustiza suspenderá a tramitación do expediente administrativo sancionador que fose incoado polos mesmos feitos.





Artigo 49. *Publicidade das sancións*


1. O órgano competente para resolver o procedemento sancionador poderá acordar por razón de exemplaridade que se dea publicidade ás sancións impostas pola comisión de infraccións graves ou moi graves, cando a especial transcendencia social, sanitaria ou a natureza do prexuízo causado, o ensañamento ou grao de crueldade ou o número de animais afectados, motivaran a adopción de tal medida. A publicidade destas sancións requirirá que as devanditas sancións adquiran firmeza na vía xudicial.
2. A publicidade das sancións efectuarase no Diario Oficial de Galicia, facéndose indicación expresa na publicación das persoas físicas ou xurídicas responsables e das infraccións cometidas.





Disposición adicional primeira. *Prazos de resolución dos procedementos de outorgamento de autorización dos establecementos previstos no artigo 10.*

A resolución expresa dos procedementos administrativos relativos á solicitude de outorgamento das autorizacións dos establecementos do artigo 10, deberá ser notificada no prazo máximo de seis meses desde a data na que a solicitude teña entrada no rexistro.






Disposición adicional segunda. *Efecto desestimatorio do silencio*

Nos procedementos administrativos relativos ás solicitudes que se indican a continuación, vencido o prazo establecido sen terse notificado resolución expresa, os interesados poden entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo:


- As solicitudes de autorización dos establecementos do artigo 10 desta lei.
- As solicitudes para a declaración como entidade colaboradora da Administración das asociacións de protección e defensa dos animais.





Disposición adicional terceira. *Actualización do importe de multas pecuniarias*

Mediante decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia poderá procederse á actualización dos importes das sancións recollidas no artigo 41.1 desta lei.






Disposición adicional cuarta. *Réxime sancionador*

1. As infraccións administrativas en materia de animais potencialmente perigosos sancionaranse de conformidade coa Lei 50/1999, de 23 de decembro, coa excepción das infraccións en materia de identificación destes animais, que se sancionarán de acordo coa presente lei.

2. As infraccións administrativas en materia de parques zoolóxicos sancionaranse de conformidade coa Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos.






Disposición transitoria primeira. *Rexistros*

1. O Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia creado mediante polo Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, pasará a denominarse Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (REGANUZ). O dito rexistro continuará rexéndose polo disposto no Decreto 153/1998, do 2 de abril, en todo o que non se opoña á presente lei, ata que entre en vigor o desenvolvemento regulamentario desta.

2. O Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade, pasará a denominarse Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía. O dito rexistro continuará rexéndose polo disposto no Decreto 153/1998, do 2 de abril, en todo o que non se opoña á presente lei, ata que entre en vigor o desenvolvemento regulamentario desta.

3. O Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos regulado no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos, pasará a denominarse Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía. O dito rexistro continuará rexéndose polo disposto no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, en todo o que non se opoña á presente lei, ata que entre en vigor o desenvolvemento regulamentario desta.





Disposición transitoria segunda. *Consello Galego de Protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro*

O Consello Galego de Protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro creado polo Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, continuará funcionando coa mesma composición, funcións e réxime de funcionamento previsto no dito decreto ata a publicación do desenvolvemento regulamentario do Comité Consultivo para a Protección Animal previsto no artigo 31, momento no que aquel consello quedará suprimido.





Disposición transitoria terceira. *Establecementos de animais de compañía*

Os establecementos de animais de compañía obxecto de regulación deberán adaptarse aos requisitos previstos nesta lei no prazo máximo dun ano a partir da súa entrada en vigor.





Disposición transitoria cuarta. *Procedementos administrativos en tramitación*


1. Aos procedementos sancionadores que se encontren en tramitación á entrada en vigor da presente lei, seranlles de aplicación as disposicións sancionadoras vixentes no momento de producirse os feitos que constitúan infracción administrativa. As disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivos en canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescripción, incluso respecto das sancións pendentes de cumprimento á entrada en vigor da presente lei.
2. O resto de procedementos administrativos en tramitación á entrada en vigor da presente lei tramitaranse pola normativa vixente baixo a que iniciaron a súa tramitación.





Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*


1. Queda derogada a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto nesta lei.
2. O Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro permanecerá vixente no que non se opoña á presente lei, en tanto en canto non se aprobe a súa normativa de desenvolvemento.
3. O Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos, permanecerá vixente no que non se opoña á presente lei.





Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Autorízase ao Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente lei, no prazo máximo de doce meses desde a súa entrada en vigor. O anterior enténdese sen prexuízo do desenvolvemento normativo que corresponda aos concellos no ámbito das súas competencias.





Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei protección e benestar dos animais de compañía en Galicia** (PL-00010, doc. núm. 8133), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

1. O propio **título do proxecto é incorrecto**, pois “animal de compañía” supón retroceder respecto a “animal doméstico”, concepto este que inclúe máis especies que conviven co xénero humano.
2. **Vulnera a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectivas de homes e mulleres** e a propia Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, posto que na regulación do Comité Consultivo de Protección Animal (artigo 31) non fai referencia expresa a que é obrigatoria a presenza equilibrada de mulleres e homes, é dicir, presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto ao que se refira, as persoas de cada sexo non superen o 60 % nin sexan menos do 40 %.
3. Se realmente pretende a protección e o benestar efectivos dos animais, debería facer obrigatoria a **identificación de todos os animais domésticos**, sexan de compañía ou non.

Pero é que quizais a protección e o benestar efectivos dos animais non sexa o verdadeiro fin deste proxecto. Así, só fai falta ollar as exclusións do artigo 2: quedan fóra os équidos (que non son regulados por lexislación específica) e “os animais empregados en calquera espectáculo taurino, incluídos os encerros”. De novo, o **Goberno da Xunta de Galicia ampara o sufrimento gratuíto dos touros** e, polo tanto, un tipo de tortura, incluso á marxe de que *os touros, encerros e demais espectáculos taurinos non son patrimonio histórico-cultural dos costumes de Galicia*.

4. Nesta liña, en canto ao uso de animais nos circos, estaría ben que o proxecto regulase a creación dun observatorio de avaliación do uso de animais domésticos nos circos e que traballaría durante un tempo prudencial nun informe sobre as condicións nas que viven os animais non silvestres empregados naqueles, de cara á posible prohibición do seu uso.
5. Trátase dun proxecto que non reconece o labor desinteresado das asociacións de protección e defensa dos animais, polo tanto, inxusto: no artigo 4 exclúe ás asociacións que non fosen declaradas de utilidade pública, no artigo 22 non se permite o traballo dos/as voluntarios/as nos casos de abandono e no artigo 29 non se reconece expresamente o seu carácter de interesadas nos procedementos instados por infraccións administrativas, vulnerando claramente o artigo 4.2 da Lei de procedemento administrativo 39/2015.
6. O artigo 9 regula as infraccións xenéricas: un absoluto despropósito, pois non regula todas as posibles accións (e hai moitas máis) nin tampouco contén redaccións axeitadas.
7. Este proxecto non semella ter como fin potenciar a adopción, pola contra, ás veces semella querer favorecer a desaparición dos animais (enfermos, por exemplo, aos que se refire o artigo 10, ou cando no artigo 23 especifica uns prazos tremendamente curtos para atopar ao seu dono).
8. Resulta cando menos curioso que non hai no proxecto nin unha soa referencia á elaboración, xunto con entidades protectoras, asociacións colaboradoras e o Comité Consultivo de Protección Animal, de **campañas e iniciativas de sensibilización** para a poboación en xeral sobre o contido da futura lei.

9. Por último, **respecto do procedemento sancionador**, dúas cousas chaman poderosamente a atención:

- a) Non tanto que as sancións sexan as mesmas que as do ano 2014, senón que non se teña incluído unha disposición adicional que autorice á Xunta de Galicia a modificar, anualmente, o importe das sancións establecidas no artigo 41 con arranxo á variación anual do IPC ou índice que o substitúa.
- b) Que o artigo 49 do proxecto permita que se dea publicidade ás sancións impostas -despois da súa firmeza na vía xudicial- e aos seus responsables, indo en contra do Acordo do 15 de setembro de 2005, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial e das resolucións máis recentes da Axencia Española de Protección de Datos.

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/05/2017 16:45:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

- 2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (doc. núm. 7958, 10/PPL-000002)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 7958(10/PPL-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2017 11:54
Nº Rexistro: 7958
Data envío: 17/04/2017 11:54:03.395



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**.

Exposición de motivos

A Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, regula no seu artigo IV as operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma.

De acordo co establecido na *Ley Orgánica 2/2012 de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera* :

No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros e previo o informe do *Consejo de Política Fiscal y Financiera de las Comunidades Autónomas* e da *Comisión Nacional de Administración Local*, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento e o obxectivo de débeda pública referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores. Dichos obxectivos estarán expresados en termos porcentuais do Produto Interior Bruto nacional nominal.

O acordo do Consello de Ministros incluírá o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado. Para a fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a regra de gasto e o saldo estrutural alcanzado no exercicio inmediato anterior.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2017 11:54
Nº Rexistro: 7958
Data envío: 17/04/2017 11:54:03.395



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Consello de Ministros do 2 de decembro de 2016, con posterioridade á celebración do *Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF)* o día 1 de decembro de 2016 acordou unha nova marxe de déficit do que a Comunidade Autónoma de Galicia pode dispor, superior á tomada na elaboración da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, e que se fixou no 0.6 % do PIB.

En a aplicación do artigo 12.4, da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, non é preciso modificar o límite de gasto aprobado polo Consello da Xunta e ratificado polo Parlamento de Galicia, en sesión plenaria do 23 de novembro de 2016.

Artigo único: Modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Modificación do artigo. 2.Un, que quedará redactado co seguinte texto:

Artigo 2. Un.- Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por un importe de 10.862.141.172 euros distribuídos da forma seguinte:

	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX pasivos financeiros	Total
Administración xeral	4.734.186.971	94.407.569	1.590.182.345	6.418.776.885
Organismos autónomos	3.711.558.816	14.148.867		
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.864.004			1.864.004
Axencias públicas autonómicas	658.696.252	39.100.000	17.996.348	715.792.600
Total	9.106.306.043	147.656.436	1.608.178.693	10.862.141.172

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 4.212.436.513 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

ORIXE	DESTINO			
	Organismos autónomos	Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	Axencias públicas autonómicas	Total
Administración Xeral	3.528.407.707	1.863.804	662.640.655	4.192.912.166
Organismos Autónomos			19.524.347	19.524.347
Total	3.528.407.707	1.863.804	682.165.002	4.212.436.513

2. Modificar o artigo 2. Dous, no cadro. Función . 31 e Total.

“Función 31, Acción social e promoción social. 730.324.766 e Total 10.862.141.172”

3. Modificar o artigo. 2. Tres, de xeito que no cadro se modifique o importe correspondente a:

“Consellería de Política Social no Cap. IV 375.044.895; o Total da Consellería de Política Social, 704.512.927; o Total da Administración Xeral no capítulo IV, 4.741.501.621 e o Total da Administración Xeral, 10.611.689.051.”

4. Modificar o artigo. 2. Catro, que quedará redactado co seguinte contido:

“Catro.- Nos estados de ingresos de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 10.862.141.172 euros distribuídos da seguinte forma:

	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	8.507.851.718	22.179.632	2.081.657.701	10.611.689.051
Organismos autónomos	216.169.323	655.000		216.824.323
Axencias públicas autonómicas	200			200
Axencias públicas autonómicas	16.625.464	7.002.134	10.000.000	33.627.598
Total	8.740.646.705	29.836.766	2.091.657.701	10.862.141.172



5. Modificar o artigo 35. que quedará redactado co seguinte texto:

“Artigo 35.- Operacións de endebedamento por prazo superior a un ano

Un.- A posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderase incrementar durante o ano 2017 nunha contía máxima equivalente ao 0,6 por cento do produto interior bruto da Comunidade Autónoma.

Para estes efectos, tomarase a posición neta debedora de todos os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Co obxecto de optimizar a carga financeira global da Comunidade Autónoma, a posición neta debedora da Administración xeral poderá incrementarse coa finalidade de amortizar préstamos dos organismos, os entes e as sociedades indicados no parágrafo precedente, no mesmo importe que se amortice.”

6. Modificar o Estado de Ingresos na seguinte partida:

950 PRÉSTAMOS RECIBIDOS E EMISIÓN DE DÉBEDA 2.081.657.701, e todos os totais que correspondan.

7. Modificar o Estado de Gastos nas seguintes partidas, así como os totais de todos os resumos de seccións e programas:

- 12 03 312A7801- Renda de Inclusión Social de Galicia 86.506.340
- 12 04 312D 4600 -Servizo Axuda no Fogar da Dependencia 73.396.118
- 12 04 312D 4803 Libranza Vinculada a Servizos sociais e coidados no entorno 74.848.419

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- 12 04 312D 4803 4800 - Programa de Apoio á Familias, Axuda Complementaria a Dedución Fiscal Fillos/as menores de 6 anos a cargo 5.888.307

8. Creación da seguinte partida orzamentaria no Estado de Gastos, alterando todos os totais de seccións e programas correspondentes:

- 12 04 312D 4804 - A Familias e Institucións sen fins de Lucro, Libranza para a Vida Independente de Discapacitados 1.056.450

9. Modificación da Disposición Adicional Sexta, que quedará redactada co seguinte texto.

“Sexta.- Prestacións familiares por coidado de fillos/as.

Aquelas persoas que, na data do 1 de xaneiro de 2017, teñan ao seu cargo fillas ou fillos menores de seis anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros pola primeira filla ou fillo, de 1.200 euros pola segunda filla ou fillo e de 2.400 euros pola terceira filla ou fillo e sucesivos, nas condicións que estableza a Consellería de Política Social.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2017 11:54
Nº Rexistro: 7958
Data envío: 17/04/2017 11:54:03.395



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

ANTECEDENTES:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- A Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.
- Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/04/2017 11:52:20

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3. Comparecencias en pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 9583(10/CPP-000025)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia,
para informar dos proxectos aprobados na primeira
convocatoria do programa Interreg V-A España-Portugal
(POCTEP) en materia de política social



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Política Social para informar **“dos proxectos aprobados na primeira convocatoria do programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) en materia de política social”**.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 9552(10/MOC-000032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instrucións ditadas para a realización no curso 2016-2017 das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto (Moción a consecuencia da Interpelación nº 8005, publicada no BOPG nº 105, do 26.4.2017, e debatida na sesión plenaria do 23.5.2017)



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2017 16:36
Nº Rexistro: 9552
Data envío: 26/05/2017 16:36:17.907



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

**Partido dos
Socialistas
de Galicia**

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 23 de maio de 2017, sobre as instrucións ditadas para a realización, no curso 2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (doc. núm. 8005).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Que se dirixa ao Goberno do Estado con a finalidade de que, á maior brevidade posible, dite a normativa precisa que supere o marco establecido pola Orde ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017, de xeito que se dote ao sistema educativo dunha normativa estable ata que se acaden os obxectivos desexables no Pacto de Estado Social e Político pola Educación e se dite a normativa de desenvolvemento derivada do dito pacto.

2º) Que, aproveitando a experiencia do proceso establecido pola Resolución conxunta do 21 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/18, e logo de publicada a normativa á que se fai referencia no apartado 1 desta moción, dite a normativa correspondente co rango axeitado, de modo que se superen as incertezas sufridas durante o curso 2006/2017.

Pazo do Parlamento, 26 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2017 16:36
Nº Rexistro: 9552
Data envío: 26/05/2017 16:36:17.907



 **Grupo Parlamentario**

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 26/05/2017 16:34:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/05/2017 16:35:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 9555(10/MOC-000033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de atención de emerxencias 112. (Moción, a consecuencia da Interpelación n° 7030, publicada no BOPG n° 92, do 29.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 23.05.2017)

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción, para substanciar a Interpelación doc. núm. 7030**, sobre a política de urxencias médicas e emerxencias **(10/INT-000292)**.

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguinte medidas:

- **Constituír unha mesa de diálogo coas representantes das traballadoras e traballadores do 112 coa finalidade de chegar a un acordo para poñer solución á situación de folga.**
- **Iniciar os trámites pertinentes para a recuperación do 112 como servizo público.**

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 29/05/2017 09:40:15

Luis Villares Naveira na data 29/05/2017 09:40:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 09:41
Nº Rexistro: 9555
Data envío: 29/05/2017 09:41:41.802

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 9588(10/MOC-000034)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa elaboración do Plan de transporte público e do novo Mapa de transportes de Galicia (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 8666, publicada no BOPG nº 112, do 10.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 23.05.2017)

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Moción para substanciar a Interpelación, doc. núm. **8666**, sobre a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia.(10/INT-000369).

MOCIÓN

O Parlamento galego:

1. Acorda a constitución dunha Comisión especial de estudo, ao amparo do Artigo 50 do Regulamento, para a elaboración participativa dunha proposta de Plan de Transporte Público de Galiza, que estea ao tanto da evolución dos traballos de elaboración do Plan, con comparecencias de representantes de concellos, empresas do sector, asociacións sociais, e técnicos, e que finalmente aprobe un ditame antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza polo Consello da Xunta.

2. Insta á Xunta de Galiza a:

2.1) Que se abra un período de exposición de 30 días, do Mapa de Transporte Público correspondente á primeira fase de planificación onde se autoriza a



integración das distintas modalidades de transporte, co obxectivo de que se poidan presentar alegacións.

2.2) Que se modifique a composición da Comisión de Coordinación creada para a supervisión da integración dos diferentes servizos de transporte, prevista na Lei 2/2017, incorporando 2 representantes de concellos, e 2 de ANPAS.

2.3) Que remita, una vez elaborado, o Plan de Transporte Público de Galiza para que o Parlamento galego se pronuncie segundo o previsto no artigo 142 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/05/2017 16:45:17

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

- 9588 (10/MOC-000034)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa elaboración do Plan de transporte público e do novo Mapa de transportes de Galicia (Moción a consecuencia da Interpelación nº 8666, publicada no BOPG nº 112, do 10.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 23.05.2017)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de maio de 2017, en relación coa Moción núm. 9588 (10/MOC-000034), do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa elaboración do Plan de transporte público e do novo Mapa de transportes de Galicia (Moción a consecuencia da Interpelación nº 8666, publicada no BOPG nº 112, do 10.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 23.05.2017), acordou a súa admisión a trámite coa incorporación do inciso «logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios», no punto 1º, despois da palabra «Acorda».

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5. **Proposicións non de lei en Pleno**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 5489(10/PNP-000462)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a solicitude do Goberno galego ao Goberno central da creación ex novo de sete xulgados de reforzo en Galicia, cos medios humanos e materiais necesarios para afrontar, en cada unha das grandes cidades galegas, o probable aluvián de demandas polas cláusulas chan

Publicación do acordo, 78, 06.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 10:38
Nº Rexistro: 5489
Data envío: 22/02/2017 10:38:07.747



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga Abel Losada Alvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Onte mesmo, a Xunta de Xuíces do Civil da cidade de Vigo formulaba, para o máis que probable aluvión de demandas polas cláusulas chan, un modelo idéntico ao reforzo que houbo no seu momento coas preferentes. E dicir, a Xunta de Xuíces oponse a que estes litixios caian nos 12 xulgados civís actuais da cidade, propoñendo que se cree *ex novo* un xulgado cos medios persoais e materiais axeitados e necesarios, o que significa unha sala cun xuíz, un letrado da Administración de xustiza (o antigo secretario), funcionarios, unha sede e reparto propio.

O propio decano dos xuíces levará esta proposta á reunión no *Consejo General del Poder Judicial*, que se vai celebrar en Madrid o vindeiro martes para poñer en marcha un plan de urxencia. E iso sen prexuízo da solución extraxudicial aprobada polo Goberno estatal que, de momento, non se sabe se vai ser ou non efectiva.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que esta proposta é absolutamente razoable, e non só para Vigo, senón tamén para as principais cidades de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado a creación *ex novo* de sete xulgados de reforzo en Galicia (un en cada capital de provincia, en Vigo, en Ferrol e en Santiago de Compostela) cos medios persoais e materiais necesarios (é dicir, unha sala con xuíz, un

 Grupo Parlamentario

letrado da Administración de xustiza, funcionarios/as, unha sede e reparto propio) coa fin de facer fronte ao máis que probable aluvión de demandas polas cláusulas chan.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Alvarez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/02/2017 10:33:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/02/2017 10:34:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/02/2017 10:34:08

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/02/2017 10:34:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/02/2017 10:34:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 7348(10/PNP-000662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de "Eucalyptus nitens", respecto das previsións do Plan forestal

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza, o eucalipto ocupa, segundo o último inventario, 425.000 ha, o que supón aproximadamente un terzo da superficie forestal total. Entre 1995 e 2010 duplicouse a superficie ocupada polo eucalipto e desde 2010 seguiu medrando con intensidade. Esta expansión intensiva do eucalipto supera amplamente as previsións do Plan Forestal de Galiza, que fixaba a cifra de 245.000 ha para o ano 2032. Isto supón que 15 anos antes xa se superaron nun 76 por cento a previsións do Plan.

2. O incremento das plantacións de eucalipto nas últimas décadas desenvolveuse en moitos casos a custa da forestación de terras agrarias. Segundo diversos estudos, a maior parte das plantacións atópanse en solos susceptibles de aproveitamento agrícola. Esta realidade semella absurda e contraditoria, por ser Galiza é un territorio altamente dependente en materia alimentaria, e por sufrir o noso país proceso acelerado de despoboamento e declive das zonas rurais e do interior.

3. O aproveitamento intensivo do eucalipto ten como consecuencia un forte impacto paisaxístico e ambiental. Entre as principais efectos negativos cabe sinalar: a ameaza á diversidade natural, a perda de fertilidade do solo, o consumo de recursos

hídricos. Por outra banda, os eucaliptais inciden na maior frecuencia e na intensidade dos lumes.

Dentro da potenciación e da expansión do eucalipto por grande parte do territorio galego, nos últimos anos produciuse un fenómeno novo coa proliferación das plantacións de *eucalyptus nitens*, unha variedade máis resistente ás pragas e que desenvolve mellor en zonas do interior non aptas para o *eucalyptus globulus*. Ademais, trátase dunha variedade con pouco valor no mercado e que para moitos organismos científicos ten as características dunha “especie exótica en expansión, con alto risco de invasión e perigosa para a biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas”. Esta proliferación do *eucalyptus nitens* só se xustifica polo seu potencial aproveitamento para as plantas de biomasa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a revisar o Plano Forestal e implantar as seguintes medidas:

1. Aprobar un plan de medidas administrativas e fiscais para:

- Promover a replantación con especies autóctonas de zonas actualmente poboadas con eucalipto e establecer axudas económicas para tal fin
- Aprobar axudas económicas para recuperar o uso agrario de terras nas que se plantaron especies forestais e que teñen cualificación e potencialidade para cultivos.
- Estudar medidas fiscais para incentivar a plantación de especies autóctonas e a multifuncionalidade do monte (social, ambiental e produtiva).



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 12:52
Nº Rexistro: 7348
Data envío: 30/03/2017 12:52:06.861

2. Promover a declaración do *eucalyptus nitens* como especie invasora e desenvolver un plan para a súa substitución por especies arbóreas autóctonas alí onde sexa posíbel.

3. Prohibir os cultivos enerxéticos e repoñer o decreto 149/2008 que establecía unha limitación de potencia para as plantas de biomasa forestal, tanto unitaria (10MW) como no conxunto de Galiza (80MW).”

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/03/2017 12:45:36

Noa Presas Bergantiños na data 30/03/2017 12:45:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 12:52
Nº Rexistro: 7348
Data envío: 30/03/2017 12:52:06.861

María Montserrat Prado Cores na data 30/03/2017 12:45:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/03/2017 12:46:01

Olalla Rodil Fernández na data 30/03/2017 12:46:05

Ana Pontón Mondelo na data 30/03/2017 12:46:08

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 7448 (10/PNP-000675)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis

Sobre a elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 7448
Data envío: 31/03/2017 14:29:33.477

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non del lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os beneficios das vacinas en nenos son ben coñecidos e valorados, como amosan as boas coberturas vacinais acadadas. Sen embargo, a sociedade posiblemente aínda non é moi consciente dos beneficios que as vacinas nos poden proporcionar aos adultos, ben en determinados grupos de risco ou en determinados grupos de idade.

E elo a pesares de que nestes momentos o sistema público financia moitas vacinas no adulto, ben na poboación xeral, como a vacinación contra o tétanos e a difteria, ou en grupos determinados, como é o caso da vacinación ofertada á embarazada para evitar casos de tosferina en nenos recién nados (vacuna dTpa -difteria/tétanos/tosferina-), ou a da varicela, a triple vírica, a da hepatite B, a antineumocócica, entre outras, indicadas en determinadas situacións ou ao alcanzar certa idade. Pero as coberturas non son as desexadas, polo que moitos galegos quedan sen beneficiarse delas a pesares da súa gratuidade.

Pensamos que resulta de gran interese poñer en marcha iniciativas que melloren a información sobre as vacinas dispoñibles e das súas vantaxes, principalmente entre as persoas que poidan resultar beneficiadas.

Neste sentido, a elaboración e aprobación dun calendario de vacinación para a persoa adulta pode contribuír ao coñecemento das indicacións e beneficios, tanto para os profesionais como para a cidadanía.

Conscientes da importancia que para a saúde da cidadanía pode ter unha iniciativa como esta, o Grupo Parlamentario Popular, presenta esta proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto”.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 7448
Data envío: 31/03/2017 14:29:33.477

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/03/2017 14:28:16

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 31/03/2017 14:28:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/03/2017 14:28:34

María Ángeles García Míguez na data 31/03/2017 14:28:40

Marta Rodríguez Arias na data 31/03/2017 14:28:48

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 31/03/2017 14:29:01

María Soraya Salorio Porral na data 31/03/2017 14:29:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/03/2017 14:29:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 7575 (10/PNP-000688)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre a demanda ao Goberno de España no relativo a axilizar o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España a través da recolocación e asentamento, e cumprir no prazo establecido os compromisos acordados coa Unión Europea en materia de acollemento

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa ao acollemento das persoas refuxiadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

O **pasado 22 de setembro** cumpríase un ano desde que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de recolocación de emerxencia para compartir a responsabilidade de quen solicita asilo. Con todo, decenas de miles de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados en condicións deplorables.

No caso de España, só se cumpriu apenas un 6% dos compromisos de recolocación, a este ritmo, tardaríanse 8 anos en cumprir ditos compromisos. É



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 13:56
Nº Rexistro: 7575
Data envío: 04/04/2017 13:56:06.034



unha vergoña que Europa non poida deixar de lado a política e resolver esta crise humanitaria compartindo equitativamente a responsabilidade dun número de persoas refuxiadas.

As cifras falan por si soas. Máis dun ano despois destes compromisos, **España acolleu a 1.141 persoas. Unha cifra moi afastada das 17.337 persoas que o Goberno se comprometeu a acoller.**

Tendo en conta o anterior, e de acordo coas demandas trasladadas a este grupo por Amnistía Internacional, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno de España a:

- Axilizar de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamento.
- Cumprir no prazo previsto os compromisos acordados coa UE de acoller a **17.337 persoas refuxiadas.**

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/04/2017 13:53:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 13:56
Nº Rexistro: 7575
Data envío: 04/04/2017 13:56:06.034

Luis Villares Naveira na data 04/04/2017 13:53:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.5 8011(10/PNP-000735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos atascos e retencións que se veñen producindo na autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 10:53
Nº Rexistro: 8011
Data envío: 18/04/2017 10:53:08.326

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na pasada semana, coincidindo coas vacacións de semana santa, volveron producirse grandes atascos e retencións na autoestrada AP 9, provocadas polo mal funcionamento da concesionaria e agravadas polas obras que se están a realizar na zona da Ponte de Rande.

Trátase dunha situación que se vén repetindo con frecuencia e que se dá ao mesmo tempo que se fan públicas as cifras de beneficios da concesionaria.

Ante a gravidade destes feitos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar ao Ministerio de Fomento:

1. A apertura dun expediente sancionador á empresa concesionaria da AP9 polo mal funcionamento do servizo e as continuas atascos e retencións.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 10:53
Nº Rexistro: 8011
Data envío: 18/04/2017 10:53:08.326

2. A aprobación dun protocolo de actuación para levantar as barreiras das peaxes cando se produzan retencións de máis de 1 km

3. A existencia da recuperación dos postos de traballo suprimidos do persoal das cabinas das peaxes.

4. O estudo da baixada das peaxes nos treitos en obras.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2017 10:39:49

Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2017 10:39:55



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 10:53
Nº Rexistro: 8011
Data envío: 18/04/2017 10:53:08.326

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/04/2017 10:40:00

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2017 10:40:03

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2017 10:40:05

Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2017 10:40:08

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.6 8174 (10/PNP-000758)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa elaboración do novo Mapa de servizos de transporte público de viaxeiros por estrada

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 09:41
Nº Rexistro: 8174
Data envío: 24/04/2017 09:41:19.855

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo Pouso, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

O Goberno galego ten manifestado en reiteradas ocasións que o transporte público vai ocupar boa parte do traballo da Consellería de Infraestruturas e Vivenda nesta lexislatura. O obxectivo é que os galegos dispoñan dun servizo de transporte competitivo e eficiente, que responda ás demandas e necesidades de desprazamento dos nosos veciños.

Para mellorar este servizo, a Xunta de Galicia xa está a abordar a reordenación e planificación do sistema de transporte público de viaxeiros da Comunidade, que porá o foco en garantir unha mellor cobertura territorial do transporte público, principalmente no rural, coa incorporación de sistemas de reserva como o transporte baixo demanda, ofrecendo aos cidadáns un servizo moderno, eficiente e de calidade.

A Xunta ten iniciado os estudos destinados á planificación do novo mapa de servizos de pasaxeiros en seis ámbitos territoriais de Galicia, o que permitirá adaptar os servizos á realidade dos actuais asentamentos poboacionais, nos que a participación é esencial para acadar servizos axustados ás necesidades dos cidadáns. Nesta liña, xa ten contactado e mantido reunión cos concellos galegos para informalos de todo este proceso e así poder coñecer a demanda real en materia de transporte.

Dada a importancia deste proceso de reordenación e planificación do mapa de servizos do transporte, e tendo en conta a complexidade que supón adecuar e axustar os servizos ás necesidades reais dos cidadáns, resulta esencial a participación e a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 09:41
Nº Rexistro: 8174
Data envío: 24/04/2017 09:41:19.855

colaboración das administracións locais e provinciais en todo o proceso. Así o ten entendido a Deputación Provincial de Ourense, que xa ten manifestado a súa disposición a colaborar.

Por todo o anteriormente exposto, desde o Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1.- Establecer un marco de diálogo e colaboración estable que favoreza a participación dos concellos galegos durante todo o proceso de realización dos traballos de planificación do novo mapa de transportes por estrada co obxectivo de que os novos servizos a implantar respondan con maior eficacia ás necesidades reais dos cidadáns.

2.- Solicitar unha participación activa das deputacións provinciais na definición do novo mapa de servizos que está a ser obxecto de planificación por parte da Xunta e demandar a súa implicación, tanto técnica como económica, de cara a un posible reforzamento e mellora dos servizos de transporte público por estrada”.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/04/2017 09:37:34

Martín Fernández Prado na data 24/04/2017 09:37:52

Jaime Castiñeira Broz na data 24/04/2017 09:38:13

Marta Novoa Iglesias na data 24/04/2017 09:38:22

Diego Calvo Pouso na data 24/04/2017 09:38:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 09:41
Nº Rexistro: 8174
Data envío: 24/04/2017 09:41:19.855**

Gonzalo Trenor López na data 24/04/2017 09:38:50

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/04/2017 09:39:05

María Julia Rodríguez Barreira na data 24/04/2017 09:39:31

Antonio Mouriño Villar na data 24/04/2017 09:40:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.7 8382(10/PNP-000782)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da supresión do instituto do aforamento dos deputados e das deputadas e a incorporación desta posición ao conxunto de reformas do Estatuto de autonomía de Galicia que se aborden no seu momento

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8382
Data envío: 27/04/2017 16:19:12.117



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O artigo 11.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que os membros do Parlamento de Galicia serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio de seu cargo. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia a non ser en situación de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio, a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

O instituto do aforamento parlamentario carece de contido material e proxéctase exclusivamente no ámbito orgánico e procesual, e tense xustificado por diferentes razóns: entre outras, evitar a instrumentalización política da xustiza, atribuír aos tribunais con maior cualificación e experiencia o coñecemento das causas con potenciais consecuencias institucionais, ou asegurar que a actuación xudicial responde aos principios de legalidade e imparcialidade, ao considerar que os órganos xudiciais superiores se encontran en mellores condicións de garantir unha actuación independente; tamén se xustifica en protexer a independencia do órgano lexislativo, e en evitar que o xulgador se sinta cohibido polo peso institucional da representación popular.

Non obstante, na actualidade esta excepción ao principio de igualdade ante a lei resulta anacrónica e inapropiada. Ningunha das razóns apuntadas resulta suficiente para xustificar a ruptura deste principio esencial, nin resulta hoxe proporcional ás finalidades que se pretenden acadar.

No marco dun Estado democrático de dereito consolidado e maduro, no que está garantida a separación e a independencia dos poderes, nomeadamente o xudicial, e rexido polos principios de igualdade ante a lei e de tutela xudicial efectiva de todos os cidadáns, faise certamente cuestionable o mantemento de prerrogativas como as da inviolabilidade, a inmunidade e o aforamento.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A cidadanía percibe esta institución como un privilexio, innecesario, que contribúe á desafección cos seus representantes, redundando nunha crecente desconfianza nos mecanismos institucionais de loita contra a fraude e a corrupción. Barómetro tras barómetro do CIS, a corrupción sitúase como a segunda preocupación dos cidadáns, tralo desemprego.

Tampouco é xa usual nas democracias parlamentarias da nosa contorna este suposto aforamento procesual na propia norma constitucional. Nin Francia, nin Alemaña ou Italia o contemplan.

Nesta cuestión son relevantes as conclusións doutrinais do Panel sobre Inmunidade Parlamentaria da Organización Mundial de Parlamentarios contra a Corrupción (OMPCC), na súa terceira conferencia celebrada en Kuwait en 2008.

A confianza na independencia e na profesionalidade da actuación dos xulgados e tribunais de todas as ordes debe comezar polos propios representantes da cidadanía no parlamento, que non deixan de ser servidores públicos. Esa máxima confianza no poder xudicial no seu conxunto debe de demostrarse nunha igualdade plena á hora de someterse á xustiza.

Polo exposto, e considerando que Galicia debe de dar todos os pasos necesarios para avanzar decididamente na calidade democrática do seu marco estatutario e institucional, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia considera necesaria a supresión do Instituto do aforamento dos seus deputados e deputadas, debendo de ser incorporada esta posición ao conxunto de reformas do Estatuto de Autonomía de Galicia que no seu momento se aborde.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/04/2017 16:16:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8382
Data envío: 27/04/2017 16:19:12.117



 [Grupo Parlamentario](#)

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/04/2017 16:16:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/04/2017 16:16:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/04/2017 16:17:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.8 8990 (10/PNP-000842)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre o remate polo Goberno galego do proceso de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais de Pena Trevinca e o inicio do procedemento para a declaración dese espazo protexido como parque natural

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada Anxeles Cuña Bóveda e dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pena Trevinca é un macizo montañoso situado na zona máis oriental da provincia de Ourense, no que se atopa a maior altitude de Galicia. É o vértice xeográfico de tres provincias. Dúas da comunidade autónoma de Castela-León: Zamora ao Sur, e León o Este. A vertente Norte e Oeste forma parte do territorio dos concellos de A Veiga e Carballeda de Valdeorras na provincia de Ourense que a súa vez están delimitados pola Serra do Eixo que acaba morrendo na bacía do Sil.

As cumes zamoranas de Trevinca forman parte do Parque Natural de Sanabria, creado en 1978, que vela pola preservación e conservación do Lago de Sanabria e do sistema de pequenas lagoas alpinas que o arrodean.

Pola contra, a zona ourensá 25.000 28.678 ha. hectáreas forman parte da Rede Natura 2000, e nela se atopa o Bosque do Teixadal, declarado ZEC (zona de especial conservación) que en Galicia se levou a cabo co [Decreto 37/2014](#), do 27 de marzo e ZEPA (zona especial de protección de aves silvestres), declaradas segundo as disposicións da [Directiva 2009/147/CE](#) do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009. Amais os 400 teixos (*taxus baccata*) que contén están no Catálogo de Árbores Senlleiros da Xunta de Galicia. Nas zonas altas existen representacións puntuais de turbeiras ácidas de esfagnos, hábitats extraordinariamente fráxiles e fragmentados. Os de Trevinca son os únicos



existentes na zona mediterránea galega. A riqueza botánica destes espazos é realmente grande, non soamente pola súa diversidade senón tamén pola presenza de numerosos taxóns cun maior ou menor grao de endemismo. Este fermoso parágrafo encontrase na [Orde do 19 de abril de 2002](#) pola que se inicia o procedemento de elaboración do Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN) de Pena Trevinca e que 15 anos despois aínda non se aprobou e nin sequera se someteu a información pública. Iso si a do PORN do LIC (agora ZEC) Pena Trevinca licitouse e pagouse cun prazo de execución de [14 meses](#) e un orzamento base de [87.000 euros](#) (DOG nº 110, do 08-07-2007 e nº 131, do 06-07-2007). Dita contratación adxudicouse por Resolución do 07-04-2009, cun 70% de cofinanciación da Unión Europea (DOG nº 41, do 28-02-2012) e adxudicado mediante a resolución do 7 de abril de 2009.

15 anos para xestionar a ordenación dun espazo protexido polas Directivas europeas máis importantes para a conservación da biodiversidade pode ser considerado deixación de funcións da CMAOT, como denuncian as asociacións de referencia na conservación da Natureza. Esta situación de abandono de facto tanto das funcións que lle outorga o [Decreto 167/2015](#), de 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación del Territorio, como do mandato de protección derivado das directivas Hábitats e Aves, non é nova e da que xa ten conta a Unión europea.

Aínda así e con tódalas trabas que está a poñer a Xunta de Galicia para non rematar a protección do macizo montañoso de Pena Trevinca, e xa entrando nas competencias da Xunta de Galicia, establécese con arranxo ao artigo 25.1 a [lei 9/2001](#) de conservación da natureza que "a iniciación dun procedemento de declaración dun espazo natural protexido ou do procedemento para a elaboración dalgún dos instrumentos de ordenación previstos na presente Lei



(un dos cales son os PORN) determinará a prohibición de realizar actos que supoñan unha transformación sensible da realidade física ou biolóxica que dificulte ou imposibilite a consecución dos obxectivos da declaración de espazo natural protexido ou supoña un risco para os seus valores naturais, mentres que o apartado 2 do mesmo artigo 25 establece que "en calquera caso, a iniciación do procedemento de aprobación dun plan de ordenación dos recursos naturais determinará automaticamente a esixencia de informe favorable da consellería de medio ambiente para calquera autorización, licenza ou concesión que habilite para realizar transformacións da realidade física ou biolóxica no ámbito territorial ao que afecta o plan de ordenación dos recursos naturais". A finalidade que se persegue co apartado 2 do artigo 25 non é outro que protexer os recursos naturais existentes durante o período transitorio de elaboración do PORN.

Convén poñer de manifesto así mesmo a prevalencia e superioridade dos PORN sobre os demais instrumentos de ordenación xa que o artigo 6.3 da Lei 9/2001 dispón que "os plans de ordenación dos recursos naturais a que se refire a presente Lei, prevalecerán sobre calquera outros instrumentos de ordenación territorial ou física, constituíndo as súas disposicións un límite para estes, cuxas determinacións non poderán alterar ou modificar aquelas e aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación preexistentes", de modo que é a propia norma legal a que dá pé a aquel maior valor que ha de concederse aos PORN sobre os demais instrumentos de plan que no período probatorio se demostraron existentes, os cales deben adaptarse aos PORN se resultan contraditorios con estes.

Do mesmo xeito que pomos o acento na protección, queremos expoñer que a [lei 42/2007](#), de 13 de decembro, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidade



establece no seu artigo 42 que as ZEC e as ZEPA terán a consideración de espazos protexidos, ca denominación de “espazo protexido Rede Natura 2000”, e co alcance e as limitacións que a Administración Xeral do Estado (AXE) e as Comunidades Autónomas (CC.AA) establezan na súa lexislación e nos correspondentes instrumentos de planificación, sempre nos seus respectivos ámbitos de competencia. Así mesmo o artigo 46 establece as medidas de conservación da Rede Natura 2000 que deberán ser fixadas pola AXE e as CC.AA. “no ámbito das súas competencias e que respondan as exigencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais e das especies presenten nelas” o que leva como consecuencia de feito a redacción dun plan ou instrumento de xestión específico dos distintos lugares protexidos dentro da ZEC tendo especial coidado de limitar toda actividade que xere “deterioro dos hábitats naturais”.

Polo tanto pensamos que pretender xestionar todos os espazos protexidos de Galicia mediante un único plan de ordenación da totalidade da rede como se desprende do [Decreto 37/2014](#), do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia é simplista e dende logo digno dunha queixa á Unión europea.

Con todo o exposto este grupo parlamentar considera que é preciso abordar a protección do macizo montañoso de Pena Trevinca de xeito que se evite a perda de biodiversidade de características únicas en Galicia como xa se comentou, e incluír as directrices da lei 42/2007 respecto os corredores e a conectividade ecolóxica que compoñen os cumios de Trevinca, incluíndo o Teixadal de Casaio como icona da biodiversidade que loita pola súa supervivencia.



Polo exposto o Grupo Parlamentar de EN MAREA presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Previa revisión dos límites do espazo protexido, a precisa determinación dos hábitats de interese comunitario e prioritarios así como unha relación das especies ameazadas, rematar o proceso de aprobación do PORN de Pena Trevinca.
- Rematado o PORN, comezar o proceso para declarar o espazo protexido de Pena Trevinca como parque natural.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro S. do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2017 18:21
Nº Rexistro: 8990
Data envío: 11/05/2017 18:21:50.303



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/05/2017 18:18:56

Antón Sánchez García na data 11/05/2017 18:19:07

Marcos Cal Ogando na data 11/05/2017 18:19:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 1950 (10/INT-000081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa
negociación dun novo modelo de financiamento para Galicia

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016



Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**, sobre un novo acordo de financiamento galego baseado na capacidade fiscal plena de Galiza.

O vixente modelo de financiamento, que ten amosado o seu completo esgotamento ao non dar resposta ás principais necesidades do noso país, tais como garantir os servizos públicos básicos de calidade durante a crise, xa debería ter sido revisado no 2014. Porén, é a finais do 2016 cando comeza a abrirse o proceso de reforma, co anuncio do Presidente do goberno do estado, Mariano Rajoy, de convocar unha Conferencia de Presidentes antes de que remate o ano, onde se tratará o establecemento dun novo sistema de financiamento autonómico.

Ante este escenario, desde o BNG cremos necesario mudar a lóxica do actual modelo, onde recibimos o que se acorda desde Madrid, sen capacidade ningunha para ter unha política fiscal propia. A Xunta de Galiza ten a competencia en sanidade, educación, servizos sociais, ou dependencia. Pero en cambio, soportamos un sistema de financiamento baseado en transferencias e cesión de impostos no que Galiza apenas ten nada que dicir na xestión dos impostos que se pagan aquí.

O vixente modelo de financiamento das comunidades autónomas basease na concepción dun Estado centralizado que exerce o control sobre os ingresos, sobre os impostos recadados que no noso caso pagan as galegas e galegos, para seren logo distribuídos, en base a criterios centralistas.

Galiza pasou a xestionar, a través dun proceso de descentralización da titularidade e xestión os servizos públicos básicos e prioritarios directamente vinculados ao benestar das persoas, como a sanidade, a educación ou os servizos sociais que precisan para o seu funcionamento e mellora constante un importante volume do gasto público. Malia esa importante responsabilidade, a competencia sobre os ingresos públicos precisos para financeiros mantívose ferreamente centralizada, dado que administración central do Estado controla de xeito absoluto os ingresos recadados, sobre todo os seus aspectos fulcrais como son a capacidade normativa e recadatoria, e onde ademais se reserva a capacidade para repartilos ás comunidades autónomas. Iso responde ademais a unha concepción afastada da realidade económica, como se os ingresos públicos se xerasen no quilómetro cero da capital e partir de aí se distribuíran por todo o territorio.

O proceso lóxico e consecuente coa descentralización competencial debería configurarse arredor do principio polo cal a quen lle compete manter os servizos esenciais para a maioría social, tamén ostente a política fiscal, que en primeira instancia teña a recadación e control tributario para atender os servizos que a maioría considera básicos. Con iso, estaríamos a trasladar e aplicar realmente unha estrutura de xestión do gasto público propia de Estados que si teñen unha descentralización política real, de competencias e de recursos financeiros para exercelas ao mesmo, que aplican o principio onde “o responsábel de decidir gastar máis ou menos diñeiro na provisión dun servizo é tamén responsábel para decidir subir máis ou menos os impostos” (*accountability*). Unha formulación simple, a propia de estados realmente federais, que establece unha relación directa entre quen e onde se pagan os impostos (o nivel de ingreso) e os servizos e políticas públicas onde se aplican ditos recursos fiscais (o nivel de gasto).

Con iso asegurárase ademais, que haxa unha correspondencia entre o pago de tributos e os servizos recibidos a cambio, onde as propias persoas obrigadas á imposición fiscal poden identificar máis claramente o custe-beneficio do gasto público. No actual sistema de financiamento esta análise antóllase imposible, pois a centralización absoluta dos ingresos tributarios e os complexos sistemas de transferencias articuladas impiden facer visíbel esa ecuación de forma intelixíbel para a maioría das persoas. Iso aínda se agrava máis pola opacidade coa que o Estado actúa á hora de divulgar o custe real dos servizos centrais que non

teñen unha repercusión para alén da administración central. E logo revístese todo ese complexo sistema coa denominada “solidariedade interterritorial”, que nunca tivo unha demostración empírica da súa aplicación.

Porén, ao longo das décadas de modelo autonómico, nunca se admitiu que de xeito parello á descentralización administrativa, alén de transferir unha parte minoritaria de ingresos públicos, ou mesmo compartir a recadación dunha parte residual, se partillase a potestade de controlar os ingresos entre Estado e Galiza, tanto a nivel de regulación (modelo de política fiscal) como de recadación, tanto contar co financiamento preciso para manter e mellorar os servizos públicos básicos como para distribuílos como mellor consideraran os gobernos galegos. É dicir, que puideran exercer sequera a execución nos servizos transferidos de xeito pleno, contando coa capacidade necesaria para financiarlos, gozando da autonomía financeira que predica a propia norma constitucional.

A resultante é un modelo en vigor totalmente irracional, xa que o Estado, que ten competencias que non son as prioritarias para a cidadanía, como a defensa, a burocracia do Estado, a Casa Real ou as infraestruturas xerais, controla a política fiscal. Cómpre darlle a volta para ligar a competencia fiscal, a recadación e política tributaria, a través dunha facenda galega, con quen exerce as políticas sociais, e superar a situación onde sexa Madrid quen controla os nosos impostos para así asegurar as políticas que interesan a Bruxelas e ás elites económicas e políticas radicadas na capital, tais como o control déficit, o pago da débeda prioritario, o rescate da banca, e agora rescate das autoestradas radiais madrileñas.

Avogamos, polo tanto, por superar o actual status en materia de financiamento e política fiscal, para determinar desde Galiza as prioridades, por iso queremos un financiamento propio para o noso país, con plena capacidade para deseñar a política fiscal. Sen política fiscal propia, sen un modelo onde a xestión do gasto vaia ligada a do ingreso, sen Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos, non hai garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos nin o deseño dunha política económica propia de políticas acaídas de estímulo aos nosos sectores produtivos. Non pode haber redistribución social senón podemos incidir directamente cunha política fiscal deseñada e xestionada desde Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:01
Nº Rexistro: 1950
Data envío: 02/12/2016 13:01:26.098

Con esta capacidade fiscal e financeira plena teríamos máis recursos. Simplemente nos remitimos ás liquidacións tributarias, aos datos de recadación tributaria en Galiza, ás remesas do sistema de financiamento, e sobre todo ás persistentes necesidades que teñen os servizos públicos esenciais que ten que atender o sector público galego que se ve abocado a minguar a calidade, a reducir prestacións, a recortar en programas sociais e educativos, mentres asistimos perplexos como –tamén cos impostos recadados en Galiza- se prioriza desde o Goberno central rescatar a banca privada, manter o avultado financiamento dos programas de defensa e armamento militar ou soste un aparello burocrático centralizado sen vinculación coa prestación de servizos.

Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos e apoiar aos sectores produtivos. As galegas e galegos estamos a contribuír con máis diñeiro en impostos ao Estado, do que o Goberno central logo transfere para o noso financiamento.

En base a estes principios, formulamos esta proposta para un novo acordo de financiamento galego, baseado na transparencia, na autorresponsabilidade, na asimetría explícita no propio texto constitucional e confirmada por unha realidade indiscutida e na crenza nas propias capacidades do país.

Por todo isto fórmulase a seguinte Interpelación:

-Considera a Xunta de Galiza que o actual modelo de financiamento permite ao Goberno galego prestar servizos públicos de calidade?

-Considera a Xunta de Galiza que o actual modelo de financiamento autonómico permite o desenvolvemento acaído das potencialidades de Galiza?

-Considera a Xunta de Galiza racional un modelo de descentralización onde a xestión do gasto non vai acompañada da xestión do ingreso?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:01
Nº Rexistro: 1950
Data envío: 02/12/2016 13:01:26.098

-Que prioridades vai a Xunta de Galiza ante o proceso de negociación dun novo sistema de financiamento?

-Considera prioritario a Xunta de Galiza avanzar cualitativamente na suficiencia e autonomía financeira, na capacidade normativa e na responsabilidade fiscal para deste xeito poder dispoñer de máis recursos nun novo modelo de financiamento?

-Vai a impulsar a Xunta de Galiza que o financiamento local se internalice dentro do financiamento galego para deste xeito atender adecuadamente as necesidades dos concellos galegos?

-Vai a impulsar a Xunta de Galiza que o noso país poida xestionar os impostos que soportan as galegas e galegos?

-Non considera a Xunta de Galiza que, tendo en conta que os impostos soportados polas galegas e galegos exceden con creces a contía que logo recibimos a través do sistema de financiamento, non ten sentido que a racadación vaia para Madrid para logo retornar parte en forma de impostos cedidos e transferencias?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:01
Nº Rexistro: 1950
Data envío: 02/12/2016 13:01:26.098

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2016 13:00:04

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2016 13:00:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/12/2016 13:00:14

María Montserrat Prado Cores na data 02/12/2016 13:00:18

Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2016 13:00:27

Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2016 13:00:30

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 7014 (10/INT-000290)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a política do Goberno galego en relación co relevo
xeracional nos negocios dos autónomos

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A caracterización socio-laboral dos autónomos en Galicia, mostra importantes debilidades á hora de consolidar as súas posicións económicas. Dous terzos do número total de autónomos/empresarios e autónomas/empresarias son persoas físicas, case catro de cada cinco non teñen asalariados e asaliaradas ao seu cargo e máis dun terzo das autónomas persoas físicas de Galicia teñen máis de 55 anos. Ademais, a súa capacidade de aproveitamento das novas tecnoloxías é moi escasa. Calcúlase que un 10 % de este colectivo xubilárase anualmente nos próximos anos.

No medio prazo, un número moi importantes de autónomos pasarán a situación de xubilación, moitos pecharán os seus negocios por causas económicas ou organizativas e outros moitos estarán en tránsito de abandono, reducindo de forma significativa a súa actividade. Por tanto, perderanse un número moi elevado de negocios que non parece que vaian ser substituídos directamente no tecido empresarial.

Nun país con graves problemas demográficos, despoboamento, dispersión da poboación e tendencia á concentración na franxa atlántica, o arraigamento dos autónomos no territorio é estratéxico.

Mentres se producen estes peches, un número importante de mozos asumen realizar unha actividade por conta propia, pero atopan dificultades para a súa integración xa que na maior parte dos casos, abordan negocios de nova creación e con moito risco, ademais sen unha preparación práctica suficiente.

Neste contexto resulta de gran interese arbitrar programas concretos de apoio para facilitar a substitución xeracional no traballo autónomo, para tentar dar resposta á necesidade de continuidade dunha parte destes negocios.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. É consciente a Xunta de Galicia das dificultades que teñen en moitos casos os autónomos e as autónomas próximos e próximas á xubilación para a continuidade dos seus negocios?
2. É consciente a Xunta de Galicia da importancia que teñen os pequenos/as autónomos/as na articulación territorial do país?
3. Cree a Xunta de Galicia que é estratéxico para o país non perder o *know-how* acumulado nos negocios dos/as autónomos/as ante o momento da súa xubilación?
4. É consciente das grandes dificultades de inserción laboral que atopan os mozos e as mozas en Galicia, independentemente da súa cualificación?
5. Ten a Xunta de Galicia algún plan definido e concreto para abordar esta problemática?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:54:43

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/03/2017 16:54:49

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 9280(10/INT-000391)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación coas emisións
industriais contaminantes

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Segundo un informe elaborado por Ramón Varela Díaz, doutor en Bioloxía e experto en contaminación atmosférica, informe que se fai en base aos datos do Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes (PRTR-España), publicado o 15 de novembro de 2016, a contaminación causada pola gran industria medra de xeito importante.

Galiza pasa de ser a cuarta comunidade autónoma en emisións a ser a segunda.

CONTAMINANTE ATMOSFÉRICO	ANO 2012			ANO 2015		
	% Galiza-Estado en 2012	Posto Galiza en 2012	Complexos con datos declarados 2012	% Galiza-Estado en 2015	Posto Galiza en 2015	Complexos con datos declarados 2015
Dióxido de Carbono CO ₂	11,98 %	Cuarto	16	15,10%	SEGUNDO	14
Monóxido de Carbono CO	8,80%	Terceiro	4	8,45%	Terceiro	3
Dióxido de Xofre SO ₂	14,28%	Terceiro	17	19,19%	SEGUNDO	19
Oxidos de Nitróxeno NOx	6,88%	Sexto	18	12,60%	CUARTO	19
Partículas PM10	15,71%	Segundo	9	18,75%	TERCEIRO	10
Amoníaco NH ₃	6,74%	Quinto	79	4,57%	Sétimo	67
Cle compostos inorgánicos Cl	13,50%	Terceiro	4	22,05%	SEGUNDO	3
Compostos Orgánicos Volátiles non metano COVNM	9,35%	Terceiro	6	13,08%	Terceiro	8
Flúor F	20,75%	Terceiro	4	36,65%	PRIMEIRO	5
Mercurio Hg	13,99%	Cuarto	7	30,53%	PRIMEIRO	9
Metano CH ₄	4,80%	Sétimo	7	11,86%	TERCEIRO	8
Arsénico As	4,67%	Quinto	3	18,48%	TERCEIRO	4
Perfluorocarburos PFC	76,44%	Primeiro	2	80,50%	Primeiro	2
Todas as substancias contaminantes á atmosfera	11,96%	Cuarto		15,08%	SEGUNDO	



Galicia é responsable do 15,08% do total das emisións á atmosfera de España.

Ademais é a primeira en emisións de flúor, mercurio e perfluorocarburos. É a segunda en emitir dióxido de carbono, gases de efecto invernadoiro, dióxido de xofre, cloro e substancias acidificantes/precursoras de ozono. Tamén é a terceira comunidade por emitir á atmosfera partículas (PM10), monóxido de carbono, compostos orgánicos volátiles non metano (COVNM), metano, arsénico e cromo. Para rematar, ocupa o cuarto posto en emisións de óxidos de nitróxeno e metais pesados en conxunto.

É tamén preocupante que segundo os datos oficiais , os vertidos contaminantes á auga de Galicia significan o 10,46% do total do Estado con 84.814 toneladas/ano, ocupando con este valor o cuarto posto no conxunto das comunidades.

Ademais, Galicia é a primeira comunidade do Estado en verter compostos organoestannicos e carbono orgánico total (COT).

Varela Díaz califica de “sorprendente” que no Rexistro Estatal de Emisións Contaminantes, Galicia teña só o 4,45% do total dos complexos con información pública e que ao mesmo tempo “sexamos responsábeis das emisións do 80,5% dos perfluorocarburos; do 36,6% do flúor; do 30,5% de mercurio; do 22,0% do cloro; do 19,2% do dióxido de xofre; do 18,7% das partículas (PM10); do 15,1% do dióxido de carbono; do 12,6% dos óxidos de nitróxeno... por non citar os vertidos á auga de compostos organoestannicos (54,4%); zinc (16,4%); chumbo (15,3%); cloruros (10,1%); cobre (8,6%); compostos orgánicos haloxenados (5,9%)...”

Mentres o dióxido de carbono no 2015 representa o 15,1% do total do Estado, fai tan só tres anos representaba o 12%. En tres anos Galicia pasou do cuarto lugar no Estado ao segundo. Escollidos 32 contaminantes considerados como os máis



importantes, no ano 2015 21 tiñan valores superiores aos do ano 2010 e, aínda máis, 14 superaban os valores que tiñan no ano 2007 (ver táboa).

Neste estudo salientase que as centrais térmicas en Galicia emiten máis de 10 dos 14 millóns de Tm de CO₂.

Estes e moitos outros datos mostran unha especialización de Galiza na industria contaminante, xa que a proporción de contaminación sobre PIB ou poboación é moi elevada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte interpelación:

- 1) Considera que a elevada produción de emisións contaminantes é unha realidade que é necesario cambiar?
- 2) Pensa que as industrias, principalmente responsables destas emisións, están a asumir os custes ambientais que provocan?
- 3) Ten pensado incrementar o gravame do Imposto de Contaminación Atmosférica?
- 4) Ten pensado o Goberno galego promover un Plan específico de diminución progresiva da contaminación nas grandes industrias?
- 5) Porá en práctica as Directrices da OMS para partículas (PM₁₀ e PM_{2,5}) xa que os niveis da lexislación actual son moi permisivos e duplican o recomendado?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 12:57
Nº Rexistro: 9280
Data envío: 18/05/2017 12:57:20.750

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 18/05/2017 12:55:17

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 9580 (10/POPX-000037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para frear a eucaliptización poñendo en marcha unha nova política para o monte galego



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 12:58
Nº Rexistro: 9580
Data envío: 29/05/2017 12:58:03.797

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que medidas ten previsto adoptar o Presidente da Xunta para frear a eucaliptización poñendo en marcha unha nova política para o monte galego?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2017 12:57:29

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 9591(10/POPX-000038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a
dispoñibilidade dunha oferta ampla de solo industrial
alcanzable e ben comunicado no sur de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 16:54
Nº Rexistro: 9591
Data envío: 29/05/2017 16:54:48.636



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta oral en Pleno dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, cando estará dispoñible unha oferta ampla de solo industrial alcanzable e ben comunicado no sur de Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/05/2017 16:48:39

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 9603(10/POPX-000039)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos
orzamentos xerais do Estado para o ano 2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Cal é a súa valoración dos Orzamentos Xerais do Estado para o 2017?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/05/2017 17:18:26

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 8265(10/POP-001081)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de mellorar o servizo de medicina forense que se está a ofrecer na costa da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2017 18:24
Nº Rexistro: 8265
Data envío: 25/04/2017 18:24:41.990



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Luis Alvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A reivindicación da necesidade de dispoñer no área sanitaria de A Mariña dun médico/a forense que atenda a zona é xa unha reiterada reclamación. A centralización deste servizo en Lugo veu de amosarse ineficiente nos casos en que a presenza dun/dunha médico/a forense é necesaria, especialmente naqueles que polas súas características precisan de presenza rápida (falecidos/as en lugares públicos ou causas incertas), para evitar complicacións e a exposición das fatais situacións de maneira excesivamente prolongada.

As distancias prolongadas, para as necesidades circunstancias do servizo, no desprazamento dende Lugo cara os distintos puntos da Costa xeran escenarios desagradables e dificultan a calidade do servizo, que en moitas ocasións esixe desprazamento de cadáveres a Lugo e volta para o seu punto de orixe. A dispoñibilidade dun servizo propio no área sanitaria, permitiría establecer o Hospital da Costa, en Burela, como base de traballo para os labores de medicina forense e así facilitar o traballo aos/ás profesionais e garantir un servizo de maior calidade e apoio para as situacións en que se necesite.

Esta demanda vén sendo reclamada por distintos grupos políticos en diversos momentos, e ten pronunciamentos a favor de varios plenos municipais da zona.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que é mellorable o servizo de medicina forense que se ofrece na costa da Mariña lucense?

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada

 Grupo Parlamentario

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/04/2017 18:19:35

Noela Blanco Rodríguez na data 25/04/2017 18:19:41

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 25/04/2017 18:19:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/04/2017 18:19:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/04/2017 18:19:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 8673 (10/POP-001130)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia diante do
escaso investimento previsto nos Orzamentos xerais do Estado
para a dragaxe da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a execución do dragaxe na Ría do Burgo.

A Ría do Burgo é unha zona de importante explotación marisqueira de bivalvos que abarca os municipios da Coruña, Oleiros, Cambre e Culleredo.

Na década dos 70 xeraba ao redor de 2000 postos de emprego, na actualidade reducíronse a menos de 150, e co paso do tempo poida que váianse extinguindo paulatinamente.

O problema principal da ría na actualidade é o abandono das diferentes administracións con respecto á limpeza (dragaxe) das verteduras nela depositados, que se converteron nunha capa de lodos de varios metros de grosor.

Informes oficiais estiman que a recuperación da ría podría ter un custo de aproximadamente 46 millóns de euros e estímase que tras ela, o impacto no emprego podería ser da creación duns 400 postos directos inmediatos, sen embargo, nos Orzamentos Xerais do Estado presentados recentemente destínase so un millón de euros para a dragaxe este ano.

Os lodos fóronse depositando desde principios de século XX e ao longo destes anos na limpeza da ría non se investiu practicamente nada, todo foron promesas baleiras e boas intencións que non chegaron nunca a executarse.

No ano 2009, María Jesús Sainz, senadora polo Partido Popular durante a lexislatura de Rodríguez Zapatero, presenta unha iniciativa no Senado de compromiso co saneamento da ría que obtén a maioría absoluta co apoio de todo o PP. Aínda que é certo que todo quedou nunha declaración de intencións (a principios de 2016 aínda non se concretaron datas nin partida económica).



Pero supón un argumento político de recoñecemento da situación, da súa necesidade de dragaxe e da urxencia.

No ano 2011, a Xunta de Galicia redacta un protocolo cos concellos afectados para sanear a ría (unha vez máis, recoñécese a urxencia e necesidade do problema creado).

O Ministerio de Agricultura, Pesca, Acuicultura e Alimentación encarga a través de Demarcación de Costas un informe a Cedex (Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas) sobre a posibilidade da dragaxe, determinándose no devandito informe a idoneidade da obra, ademais de considerala factible (ano 2012). Este informe poñía data máxima de licitación da dragaxe no 2016.

Por outro lado, na última resposta do goberno (27 de xaneiro do 2017), di que: “no programa de vixilancia ambiental recóllense os límites dos parámetros para verter o efluente resultante do produto das operacións de Dragaxe.Ademais está previsto como seguridade adicional, que non se realicen labores de marisqueo nos sectores contiguos ao sector correspondente á zona de dragaxe. Con todo, a paralización ou non da actividade de marisqueo é unha competencia da Xunta de Galicia”.

Ademais, tal e como ven recollido na resposta do goberno, “O programa de Vixilancia Ambiental recolle o seguimento para realizar sobre a flora e a fauna e desenvólvese durante os tres anos posteriores á realización da obra”.

Resumindo: 22 de outubro de 2013. Iníciase o proceso de solicitude da Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto de saneamento da ría do Burgo. Un mes despois ábrese as consultas

O 11 de decembro de 2015: Boletín Oficial do Estado publica, a tan só nove días das eleccións xerais, o proxecto de rexeneración cunha previsión de 46,3 millóns de custo

Marzo de 2017. Medio Ambiente solicita máis información a Augas de Galicia e Residuos para a Declaración de Impacto Ambiental, que tería que presentarse o 21 de xullo de 2016.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia ante o escaso investimento previsto nos Orzamentos do Estado para o dragado da Ría do Burgo?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 04/05/2017 18:08:44

Carmen Santos Queiruga na data 04/05/2017 18:08:49

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.3 9238(10/POP-001189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación dos criterios de acceso ás axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG establecidos na Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as condicións para o acceso ás axudas de apoio á etapa de formación postdoutoral nas universidades do **SUG**

A Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de Axudas de apoio á etapa de formación postdoutoral nas universidades do **SUG**, nos organismos públicos de investigación de Galicia e outras entidades do Sistema de I +D+ i galego (DOG do 27 de abril de 2017) recolle:

Que a finalidade do programa de axudas é:

“incrementar a incorporación de persoal investigador ao Sistema de I+D+i galego fomentando, na súa etapa inicial, a mobilidade internacional para mellorar a súa formación e posibilitando a reincorporación nos axentes que conforman o sistema para, con posterioridade, continuar coa súa traxectoria investigadora na institución a que retorna.”

No seu ANEXO I. Modalidade A: Artigo 1. Sinala como obxecto da axuda: “ampliar a formación do persoal investigador no estranxeiro con posibilidade de retorno, mediante o financiamento dun contrato de dous anos de duración para a realización de estadías no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano de duración na Comunidade Autónoma de Galicia.”

non establecendo ningunha referencia á idade dos solicitantes ou ao período de tempo transcorrido entre a finalización de calquera nivel formativo e a obtención do título de doutor.

No seu Artigo 2. Requisitos, no seu apartado b) especifícase:

“Que a data de finalización dos estudos conducentes á obtención do título de licenciatura, grao ou equivalente que lle deu acceso ao doutoramento sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2006”

Esta cláusula restritiva como sinalan as persoas atinxidas sitúase na Orde deste ano por primeira vez, non estando presente en ningunha das convocatorias anteriores.

Alén do máis, nas convocatorias homólogas do Plan Estatal, isto é, as axudas *Juan de la Cierva- Formación* e *Juan de la Cierva-Incorporación*, nos seus artigos 42 e 72 da Resolución de 21 de novembro de 2016, da *Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación*, só indican, sendo este un requisito para a solicitude da axuda: **a data de obtención do grao de doutor**. Pola contra, ningunha referencia é feita sobre a data de obtención de títulos universitarios ou doutos rangos de ensino previos a este.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 9238
Data envío: 16/05/2017 16:32:51.120

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai mudar as criterios a Xunta de Galiza como reclaman a través dun recurso de reposición numerosas persoas investigadoras?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2017 16:28:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 9238
Data envío: 16/05/2017 16:32:51.120

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2017 16:29:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2017 16:30:35

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2017 16:30:40

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2017 16:30:46

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2017 16:30:48

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.4 9594 (10/PUP-000088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre os criterios que vai seguir a Xunta de Galicia para a
execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de
Galicia referida á repartición de fondos do Plan de
financiamento do Sistema universitario de Galicia 2011-2015



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 18:04
Nº Rexistro: 9594
Data envío: 29/05/2017 18:04:10.080



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez e Juan Manuel Díaz Villoslada deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** urxente en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A xustificación da urxencia vén motivada pola necesidade de atallar canto antes o prexuízo causada á Universidade da Coruña polos erros cometidos no reparto do financiamento universitario pola Xunta de Galicia.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de admitir o recurso contencioso administrativo interposto pola Universidade de A Coruña contra á Xunta de Galicia pola falta de cumprimento do Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015 e reclamando 7,5 millóns de euros que non lle foron abonados.

Na sentenza emitida o TSXG ordena a Xunta de Galicia recalcular o reparto de fondos que realizou entre tres universidades entre 2011 e 2015 dado que o que fixo prexudicou a Universidade de A Coruña, tal como esta denunciou reiteradamente antes de ir aos tribunais, xa que os cálculos de reparto foron realizados “dunha forma unilateral e inmotivada pola Xunta de Galicia”.

Está claro que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cometeu un erro grave na aplicación do Plan de financiamento anterior, atentando contra os dereitos da Universidade de A Coruña e tamén é evidente que a aplicación da sentenza do TSXG non pode prexudicar as outras dúas universidades.

 **Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate urxente en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Con que criterios vai executar a Xunta de Galicia a sentenza do TSXG que lle ordena recalcular o reparto de fondos do Plan de financiamento 2011-15 entre as universidades do Sistema Universitario de Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/05/2017 18:03:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 18:04
Nº Rexistro: 9594
Data envío: 29/05/2017 18:04:10.080



 **Grupo Parlamentario**

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 29/05/2017 18:03:41

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/05/2017 18:03:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

- 8.5 8662(10/POP-001129)
- Grupo Parlamentario Popular de Galicia
- Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
- Sobre os datos referidos ao tratamento da hepatite C
- Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017*



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:41
Nº Rexistro: 8662
Data envío: 04/05/2017 17:41:22.946

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Marián García Míguez, Sandra Vázquez Domínguez e Raquel Arias Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Hai dous anos púñase en marcha o Plan Estratéxico Nacional para a abordaxe da Hepatite C.

Dende entón, o SERGAS ten tratado a unha importante cantidade de enfermos afectados polo virus que produce esta grave enfermidade, cunhas taxas de curación moi elevada.

Distintas asociacións de afectados reuníronse recentemente coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do SERGAS para analizar a evolución da implantación deste Plan en Galicia.

Na actualidade, sabemos que se está a estudar polo Consello Interterritorial de Saúde, do que forman parte representantes de todas as Comunidades Autónomas, a posible ampliación da administración a pacientes que se encontran en fases iniciais da enfermidade.

Por todo elo, os deputados asinantes facémoslle a seguinte pregunta en Pleno:

Poderíanos dar datos da situación actual da enfermidade da hepatite C en Galicia, a totalidade das actuacións levadas a cabo antes e despois da posta en marcha do Plan Estratéxico e as perspectivas de tratamento nun futuro próximo?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/05/2017 17:39:10

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 04/05/2017 17:39:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:41
Nº Rexistro: 8662
Data envío: 04/05/2017 17:41:22.946

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/05/2017 17:39:29

Marta Rodríguez Arias na data 04/05/2017 17:39:36

María Soraya Salorio Porral na data 04/05/2017 17:39:45

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/05/2017 17:39:51

María Ángeles García Míguez na data 04/05/2017 17:39:59

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/05/2017 17:40:07

Raquel Arias Rodríguez na data 04/05/2017 17:40:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.6 9239(10/POP-001190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a data de entrada en funcionamento da ampliación do
Complejo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:40
Nº Rexistro: 9239
Data envío: 16/05/2017 16:40:39.235



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No Consello da Xunta de Galicia do día 16 de xaneiro do ano 2014 anunciouse a adxudicación das obras de ampliación do Hospital de Ourense, indicando que a data de inicio das mesmas sería no primeiro trimestre dese mesmo ano, e a data de finalización a mediados do ano 2016, é dicir 26 meses de prazo de execución.

A adxudicación da obra realizouse á UTE Vías y Construcciones, S.A. + CRC + Extraco, S.A. por un importe de 41.140.000 euros, e cun descenso de investimento sobre o importe de licitación de 16.845.550 euros, un 28,5 % menos.

Segundo consta no proxecto da obra e tal e como se reflicten na referencia do Consello da Xunta de Galicia dese mesmo día, “a obra consiste na execución dun novo bloque de hospitalización, dunha área de servizos xerais e a ampliación e dotación de aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto da cidadanía).

Máis en detalle, a torre de hospitalización ten sete andares de hospitalización con dúas unidades por andar. Isto é, un total de 14 unidades das cales 9 son polivalentes médico - cirúrxicas, unha de psiquiatría, de paliativos, de oncoloxía e dúas unidades innovadoras.

En total ten unha capacidade máxima de aproximadamente de 900 camas. Ademais, dispón dunha área de docencia, cafetarías para o público e o persoal, departamento de admisión, tendas e vestíbulo.

Doutra banda, os servizos xerais constan de cociña, mantemento, vestiarios, zona de residuos, sala mortuoria e almacéns. Por último, a área de aparcadoiro artículase en 3 andares con aproximadamente 700 prazas. A

 Grupo Parlamentario

superficie útil é de 47.864 metros cadrados e a súa superficie construída de 53.941 metros cadrados”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que data estará en funcionamento a ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cuxas obras comezaron no ano 2014?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/05/2017 16:37:22

Raúl Fernández Fernández na data 16/05/2017 16:37:28

Julio Torrado Quintela na data 16/05/2017 16:37:32

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.7 9586 (10/PUP-000087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego
para solucionar a situación dos servizos de radiodiagnóstico
por imaxe dependentes do Sergas



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9586
Data envío: 29/05/2017 16:14:23.183

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven dada pola alarma social existente polas moi elevadas listas de espera nos servizos de radiodiagnóstico.

Exposición de motivos

Os servizos de radiodiagnóstico son considerados servizos centrais, e como tales, realizan as probas diagnósticas, as exploracións, a doentes procedentes do conxunto dos servizos dos centros hospitalarios, desde unidades de hospitalización a consultas externas ou urxencias. Como servizos centrais son os garantes do uso racional e equitativo dos equipos de alta tecnoloxía e dos recursos.

As listas de espera nos servizos de radiodiagnóstico están converténdose en estruturais, son constantes as queixas e reclamacións de doentes e profesionais por mor das tremendas demoras e as consecuencias na saúde das persoas.

Neste contexto, o Bloque Nacionalista Galego vén de ter coñecemento da convocatoria pola empresa MEDTRONIC dun proceso para a adquisición dun TC e



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9586
Data envío: 29/05/2017 16:14:23.183

unha RM para a área cardiovascular do CHUS, que segundo a información de que dispoñemos, a pretensión é que estes equipos vaian destinarse para o uso exclusivo do servizo de cardioloxía. Este feito significaría a fragmentación na igualdade d@s doentes no acceso ao TC e RM, a priorización segundo a procedencia e non a patoloxía, rompería a equidade, estableceríase patoloxías de primeira e de segunda.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai realizar o Goberno galego para solucionar a situación dos servizos de radiodiagnóstico por imaxe dependentes do Sergas?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2017 16:13:45

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.8 8477(10/POP-001106)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre as razóns das demoras que se están a producir na
tramitación dos recursos de servizos sociais municipais no
Concello de Vigo

Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 17:45
Nº Rexistro: 8477
Data envío: 28/04/2017 17:45:09.189

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Jaime Castiñeira Broz, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No Informe do ano 2016 da Valedora do Pobo, destaca que as queixas por RISGAS e as solicitudes doutras axudas xa non se refiren ás demoras, senón a aspectos engadidos ao recoñecemento da renda, sobre todo á súa retirada ou suspensión, a atrasos nos recursos administrativos, á cuantificación e pago dos atrasos, á falta de recoñecemento dos novos tramos ou complementos, ou ao seu recoñecemento limitado. A pesares desta nova indícase no mesmo informe que nalgúns concellos non se envía a documentación no prazo previsto, sendo o municipio de Vigo o que ten o peor dato.

Se plantexan numerosos atrasos nas axudas do Concello de Vigo, ben pola falta de persoas nos seus servizos sociais cos correspondentes atrasos que iso xera. A resposta desta cidade foi clara dando conta de melloras no persoal e de iniciativas futuras para seguir mellorando e reducindo os tempos de espera. Pero a realidade é ben distinta, as constantes denuncias de ONGs, da Federación de Veciños de Vigo, persoas anónimas e mesmo as/os traballadoras/es destes recursos fan que salten tódalas alarmas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Cales son os motivos polos que se están a dar retrasos na tramitación dos recursos de Servizos Sociais Municipais no Concello de Vigo?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2.017

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 28/04/2017 17:36:08

Jaime Castiñeira Broz na data 28/04/2017 17:36:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Encarnación Amigo Díaz na data 28/04/2017 17:36:22

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/04/2017 17:36:29

Marta Rodríguez Arias na data 28/04/2017 17:36:35

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/04/2017 17:36:43

María Soraya Salorio Porral na data 28/04/2017 17:36:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/04/2017 17:36:57

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.9 8734 (10/POP-001133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o número de familias beneficiarias do Bono Concilia con cargo á orde que regula a súa concesión no ano 2016

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 8734
Data envío: 05/05/2017 15:55:18.601

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Marian García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O Programa de Apoio á Natalidade (PAN) posto en marcha polo Goberno galego co obxectivo de apoiar e protexer ás familias e contribuír á revitalización demográfica e ó recambio xeracional incluía entre as súas medidas a posta en marcha do Bono Concilia.

O Bono Concilia é, ao igual que as Casas Niño, un programa pioneiro en Galicia que, en termos xerais, consiste nunha axuda directa ás familias para colaborar no pago dunha praza de escola infantil naqueles casos nos que os cativos, de idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos, non obtiveran praza nun centro financiado con fondos públicos.

O importe da achega, que se concede por un período máximo de 11 meses, establécese, segundo as bases establecidas na orde que regula a súa concesión, en función da renda per cápita da unidade familiar.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

-Cantas familias se benefician do Bono Concilia con cargo á orde correspondente á anualidade de 2016?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 05/05/2017 15:53:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 8734
Data envío: 05/05/2017 15:55:18.601

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/05/2017 15:54:01

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/05/2017 15:54:08

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 05/05/2017 15:54:17

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/05/2017 15:54:24

Marta Rodríguez Arias na data 05/05/2017 15:54:34

María Soraya Salorio Porral na data 05/05/2017 15:54:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/05/2017 15:54:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.10 9602(10/PUP-000089)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento do seu compromiso referido á garantía con fondos públicos da cobertura da demanda de prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos no curso 2017-2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Jose Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno, relativa ás prazas en escolas infantís.**

Xustificación da Urxencia.

A rede das 158 escolas infantís de 0 a 3 anos da Xunta de Galicia non garante o acceso a todas as crianzas deste rango de idade e ten unha moi desigual distribución polo territorio.

Para o curso 2017/2018, as escolas infantís autonómicas recibiron 11.473 solicitudes, sendo admitidas provisionalmente 7.702, co cal a lista de agarda situouse en 3.489 nenos e nenas, a pesar de que o Presidente Feijóo afirmou que este curso “xa non houbo lista de espera en escolas infantís”.

O pasado 23 de maio de 2017, o Presidente da Xunta, nunha visita ao centro interxeracional da Fundación Amancio Ortega en Arteixo, comprometeuse publicamente a que no curso 2017-2018 todas as familias en lista de agarda para escolas infantís autonómicas contarán con praza nestas ou con bono concilia, para conquistar o obxectivo de “lista de espera cero”. Ademais, comprometeu 22.500 prazas públicas en escolas infantís para o vindeiro curso.

O 24 de maio de 2017 publicouse a orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís de 0 a 3 anos, non sostidas con fondos públicos - bono Concilia – cun orzamento de 3.489.200 €. Aínda que as axudas se abren a todas as familias nas que se produza nacemento, acollemento ou adopción e que se amplían os supostos de admisión de solicitudes fóra de prazo, estas só se permiten para familias que residan en concellos onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos. Así, bebés que nazan despois de xuño nun concello con escola infantil autonómica xa non poderán solicitar o bono Concilia, teñan ou non praza na escola infantil.

O ano 2016 a Xunta concedeu 800 Bonos Concilia.

A urxencia vén motivada polo recente anuncio do Presidente e do Conselleiro de Política Social de que no vindeiro curso non haberá lista de agarda en escolas infantís, pese a que existe xa unha lista de agarda provisional de 3.489 solicitudes.

Contar con recursos de conciliación en todo o territorio debe ser unha prioridade do goberno dun País socialmente avanzado, máis cando se trata dunha nación en grave regresión demográfica.

As políticas de apoio ás familias, nun sentido progresista, deben estar sustentadas en garantir servizos públicos universais de calidade na atención á infancia de 0 a 3 anos, non só entendidos como recurso de conciliación, senón como unha rede que garanta o acceso universal ao ensino.

En 2016, Galicia contaba cunha poboación de 0 a 3 anos de 79.260 nenos e nenas.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral no Pleno, con carácter Urxente:**

Como vai cumprir a Xunta a promesa de que con fondos públicos se garanta que ningunha nena ou neno de Galicia se quede sen praza en escolas infantís de 0 a 3 anos no curso 2017-2018?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/05/2017 18:18:14

Antón Sánchez García na data 29/05/2017 18:18:20

Carmen Santos Queiruga na data 29/05/2017 18:18:30

Paula Vázquez Vero na data 29/05/2017 18:18:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 29/05/2017 18:18:39

Juan José Merlo Lorenzo na data 29/05/2017 18:18:45

Eva Solla Fernández na data 29/05/2017 18:18:48

Luca Chao Pérez na data 29/05/2017 18:18:51

Paula Quinteiro Araújo na data 29/05/2017 18:18:54

Magdalena Barahona Martín na data 29/05/2017 18:18:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 18:21
Nº Rexistro: 9602
Data envío: 29/05/2017 18:21:11.406



José Manuel Lago Peñas na data 29/05/2017 18:19:01

Francisco Casal Vidal na data 29/05/2017 18:19:04

David Rodríguez Estévez na data 29/05/2017 18:19:07

Marcos Cal Ogando na data 29/05/2017 18:19:10